



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 29 DE XULLO DE 2010.-

<p>SRES. Asistentes Sr. ALCALDE: D. Julio Ignacio Iglesias Redondo. SRES. CONCELEIROS: D^a María Victoria Montenegro Paz. D. Francisco García Prego. D. José Salvador Ferreiro Montenegro. D^a Ana María Fernández Coira. D. José Manuel Cendán Fernández. D. Fernando Otero Prieto. D^a Josefina Martínez Martínez. D. Manuel Rodríguez Doval. D^a Belen Abeal Pérez. D. Luis Cendán Fernández. D. Francisco Echevarría Lage. Non asiste con excusa: D^a Mercedes Grande Regueiro. Sr. Secretario: D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>	<p>No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as dez horas e once minutos do día vintenove de xullo de dous mil dez, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>
---	---

PUNTO NÚM. 1.- APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 30-03-2010.-

O Concello Pleno por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación, a acta da sesión ordinaria celebrada o día 30 de marzo de 2010.

PUNTO NÚM. 2.- DAR CONTA DA SENTENZA NÚM. 324 DICTADA POLO XULGADO DO SOCIAL NUM. 2 DE FERROL DE DATA 02-07-2010.-

Dase conta da Sentenza núm. 324 dictada polo Xulgado do Social Núm. 2 de Ferrol de data 02-07-2010, na que se dicta o seguinte FALLO:

“ Que desestimando como se desestiman íntegramente las demandas interpuestas por D^a NOELIA VILAR MARTINEZ, D^a ASUNCION GONZALEZ ANSOLEAGA” y D^a ANA MARIA LEIRA FERRO, contra el CONCELLO DE ARES, se absuelve al demandado de los pedimentos contenidos en la misma.”

O Concello Pleno dase por enterado.



PUNTO NÚM. 3.- DAR CONTA DA FIRMEZA DA SENTENZA DICTADA POLO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO DE FERROL DE DATA 24-11-2008 NO P.A. 1217/2007 E ACUMULADOS.-

Dase conta da firmeza da Sentenza dictada polo Xulgado Contencioso Administrativo de Ferrol de data 24-11-2008, no P.A. 1217/2007 e acumulados.

Toma a palabra o Sr. Secretario para leer o fallo: “Se remite testimonio do Xulgado Contencioso Administrativo de Ferrol de data 7 de xullo de 2010, sobre a firmeza da Sentenza de 24 de novembro de 2008, que xa veu a Pleno”.

O Concello Pleno dase por enterado.

PUNTO NÚM. 4.- DAR CONTA DO AUTO DO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO DE FERROL DE DATA 08-07-2010.-

Dase conta do auto do Xulgado Contencioso Administrativo de Ferrol de data 08-07-2010, toma a palabra o Sr. Secretario para leer o Fallo: “Declaro terminado el procedimiento seguido en este juzgado con el número abreviado 0594/2008, a instancia de LETRADA SRA. ARIAS CASTRO en nombre y representación de CONFEDERACIÓN INTERSINDIAL GALEGA, contra AS CONVOCATORIAS E AS BASES PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE DOUS AUXILIARES ADMINISTRATIVOS NO CONCELLO DE ARES. Sin imposición de costas.

O Concello Pleno dase por enterado.

PUNTO NÚM. 5.- DAR CONTA DA SENTENZA DICTADA POLO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO DE FERROL DE DATA 16-06-2010.-

Dase conta da Sentenza dictada polo Xulgado Contencioso Administrativo de Ferrol de data 16-06-2010, toma a palabra o Sr. Secretario para dar lectura o FALLO:

“Debo estimar el recurso contencioso-administrativo interpuesto por D^a Isabel Margharetto Rodríguez y D^a Caridad Isabel Nieto Taramona contra la resolución del Alcalde de Ares de fecha 12-09-2007, por la que se anulan las bases de las convocatorias así como los nombramientos de la recurrentes como funcionarios de carrera de dicho Concello, resolución que anulamos, debiendo reponer a las interesadas en los puestos para los que fueron nombradas como funcionarias de carrera, sin expresa condena en costas.”

O Concello Pleno dase por enterado.

PUNTO NÚM. 6.- ADOPCIÓN DE ACORDO PARA A RESERVA DE CRÉDITO PARA O CONTRATO DE XESTIÓN DE RESIDUOS VOLUMINOSOS NOS MUNICIPIOS DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL.



Dada conta que o pleno da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol celebrada o 15 de Xuño de 2010 aprobou os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas para a contratación da Xestión de Residuos Voluminosos nos municipios da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol, e deu inicio ao correspondente expediente de contratación.

Estes pregos establecen que o prezo máximo de licitación será 130€/tonelada (IVE engadido) e que o pago ao adxudicatario se efectuará mensualmente pola cantidade resultante da multiplicación das toneladas xestionadas cada mes e o prezo ofertado para a xestión, cantidade que figurará desglosada por concellos de procedencia dos residuos.

De acordo cos informes da área competente deste concello, os servizos municipais de recollida de residuos voluminosos recollen unha media de nove toneladas/mes.

Nas condicións indicadas, o cuso anual estimado desde servizo para o Concello de Ares ascendería a 14.040 Euros.

Toma a palabra o Sr. Alcalde: Cando a Xunta de Galicia anunciou de maneira unilateral que deixaba de prestar este servizo, na Mancomunidade acordouse facer un prego de condicións, para xestionar o servizo de maneira consorciada por parte de todos os Concellos que integran a mancomunidade, e en consecuencia tratase de asumir o compromiso de incorporar no orzamento a reserva de crédito suficiente, para poder asumir loxicamente a nosa cuota de responsabilidade cando a Mancomunidade contrate este servizo, o servizo vai a contratalo a Mancomunidade e nos lle temos que adiantar os cartos para que esta poda pagalo e en consecuencia é un acordo uniforme para todos os Concellos da Mancomunidade, se busca unha solución consorciada para a recollida de voluminosos, que é un problema neste momento para os Concellos ó deixar SOGAMA de prestar este servizo.

Toma a palabra o Voceiro de NAL Sr. Luis Cendán Fernández: Manifestando que por primeira vez se nos da conta deste asunto, desta controversia, como habías comentado na última Xunta de Voceiros, pero aparte de creerte a situación real como a estas expoñendo me gustaría ademáis que neste asunto viñera acompañado da acta do acordo da Mancomunidade, a poder ser, iría máis avalado.

Resposta o Sr. Alcalde, que o Sr. Secretario o seu correo electrónico unicamente lle enviaron a proposta de acordo.

Interven o Voceiro do BNG Sr. Rodríguez Doval: Hai agora practicamente un ano discutíamos aquí a respecto precisamente da toma de decisión desa maneira unilateral por parte da Xunta de abdicar dunha responsabilidade que ademáis estaba definida por lei, senón que formaba parte dun paquete de servizos que nos tiña que prestar en función de cando nos fixemos a cesión para verter o lixo e para tratalo en SOGAMA, nos o que votamos en falla, é evidente que en setembro cando acadamos o acordó que aquí se acadou por maioría da



Corporación, estábamos demandando en primeiro lugar que a Xunta volveuse a asumir esa responsabilidade, e fundamentalmente que non pasara como pasa sempre, que despois ó final se trasladan as responsabilidades, e non as dos servizos, senon as responsabilidades económicas que son as máis importantes, se trasladan os Concellos, nos o que votamos en falla e que a proposta vaia acompañada dunha decisión política de reiterar esa petición, porque de nada sirve que aquí nos votemos foguetería cando veñen os temas a Pleno e que digamos que a Xunta que malos son, que nos quitan servizos, se despois ó final as decisións que tomamos na Mancomunidade, cando hai que darlle unha solución, non teñen en conta primeiro unha solución transitoria que hai que recoller o lixo, e os cidadáns non teñen que pagar esta irresponsabilidade da Xunta, pero que nos tamén temos que presionar a Xunta para que o final estes catorce mil euros ó ano non vaian conta do Concello, porque isto ó final no que vai a incidir é en menos investimentos por parte do Concello, o una subida do recibo do lixo, para os cidadáns e cidadanas, en calquera caso incide no diñeiro público que temos que vai a ser menos, entón nos o que queríamos e que se reitere e que desde a Mancomunidade se abra unha vía de negociación coa Xunta para conseguir que ó final asuman eles esta responsabilidade, e dicir unha cousa e darlle unha solución transitoria e outra cousa e abdicar, e dicir perdimos esta batalla, e hoxe son catorce mil euros dos voluminosos, mañá será o da recollida do lixo, e pasado mañá será outra cousa, e cando nos demos de conta, resulta que aquí os concellos teñen que asumir todas as competencias pero non teñen diñeiro para asumir ningunha, co cal ou pechamos o chiringuito o lle decimos os cidadáns que fundan a metade do salario en pagar máis impostos, polo tanto nos queríamos facer unha petición, vamos a votar a favor do acordo, pero queremos facer hoxe aquí unha petición para que se traslade a Mancomunidade e unha vía de negociación coa propia SOGAMA para que se lle busque unha solución a isto. Da relectura que lle fixemos a todo isto, se entende que esa suspensión unilateral que se fixo da recollida dos voluminosos, non foi desde o punto de vista legal non estivo ben, polo tanto unha cousa non quita outra, recollamos os voluminosos pero presionemos á Xunta para que non nos siga trasladando a nos ese tipo de responsabilidades.

Resposta o Sr. Alcalde: Cando a Xunta de maneira unilateral suprime o servizo, cando precisamente a tendencia era precisamente que SOGAMA se encargara da recollida dos voluminosos para evitar así os verquidos incontrolados, a FEGAMP negocia coa Consellería de Política Territorial, unha situación que ó principio era reivindicativa pero que despois asumen a través da sinatura dun convenio as indemnizacións económicas, entonces sorprendentemente eu penso que este tema está pechado pola FEGAMP, a FEGAMP representa os 313 Concellos de Galicia e sorprendentemente a Xunta retira este servizo, son 130 euros por tonelada que loxicamente pasa a asumir o Concello de Ares, son 14000 euros ó ano e a FEGAMP en nome de todos os Concellos de Galicia firma unhas indemnizacións que no caso de Ares son de 2000 euros, entonces efectivamente a Xunta retira o servizo, e de 14000 euros se subvención 2000 euros, e a FEGAMP firmou, entonces o problema é que efectivamente desde o organismo de representación de todos os Concellos de Galicia, loxicamente negociáronse unhas indemnizacións, que non cubre o servizo tal e como viña ata



agora prestados, en consecuencia nos podemos asumir esa reivindicación, podemos reivindicar que efectivamente parecenos insuficiente que unha subvención de 2000 euros pase dalgunha maneira a substituír a totalidade dun servizo que agora nos costa 14000 euros, pero bueno efectivamente desde a entrada de Feijoo na Xunta de Galicia o que estamos é a contrastar un desmantelamento de servizos continuo que loxicamente incrementa o coste de todas as obrigas que ata agora tiñan os Concellos, esto faciao SOGAMA e agora o temos que facer nos, pero tamén é certo que a FEGAMP asinou ese acordo coa Consellería de Política Territorial.

Toma a palabra o voceiro do Partido Popular Sr. José Manuel Cendán: Eu dicir que xa se expuso por parte dos voceiros anteriores que faloron dunha serie de motivos, por parte da Xunta xa o debatimos outro día aquí, porque a Xunta toma esta decisión, o mesmo Alcalde acaba de dicir que a FEGAMP asinou un convenio Xunta-FEGAMP sobre isto, e dicir que si estes servizos repercuten nos Concellos, como temos unha Mancomunidade que estes servizos se mancomunen por tema económico, e non so este servizo senón outros servizos máis que deberían estar mancomunados para a economía das arcas municipais, eu creo que os outros debates xa foron con posterioridade, e que hai que tomar as cousas como son e como veñen e a realidade e esa, nos dicir que non estamos de acordo en moitas cousas que nos repercuten ós Concellos, que nos dan competencias pero non nos dan diñeiro, eso é verdade, e esa é a loita eterna que temos os Concellos, nos vamos a votar a favor.

O Sr. Alcalde-Presidente di que a estimación é loxicamente en función da recollida do servizo que vamos prestando, entón nos estimamos 9 toneladas ó mes, a 130 euros tonelada, entón eso fai un gasto de 14.040 euros ó ano, que é un pouco a reserva, non ten porque gastarse todo se son menos toneladas as que se recollen, ou non ten porque ser esa cantidade, tamen pode ser un pouco máis se o final se recollen máis toneladas das previstas.

Toma a palabra o Voceiro do B.N.G. Sr. Rodríguez Doval: Manifestando que o que se dí agora en lugar de resolver a papeleta a mín me a complica aínda máis, porque eu crein que os problemas que tiñamos os Concellos era coa Consellería, pero agora tamén vexo que a FEGAMP non se pon do lado dos Concellos, eu creo que resolver isto cunha esmola de 2000 euros, era para coller e devolvelos, a mín me parece un tema ademáis tan gravísimo, porque pensese como se dixo aquí, que no noso caso estamos buscando unha solución, pero incluso se comentou o outro día na reunión da Xunta de Voceiros, que no propio Concello de Ares estamos asistindo ó rexurdir de vertedoiros incontrolados, entón se ó final camiñamos para atrás a verdade é que non o entendo, a mín me apena que a FEGAMP se colocara nesa posición, entendo que será a representante de todos os Concellos pero si nos vendeu por 2000 euros, país a mín desde logo xa non é que me represente moito, nos mantemos que se traslade á Mancomunidade, e que mancomunidade siga presionando, agora rendirnos coa esmola de 2000 euros non, a mín me parece alucinante nun tema destas características, que non estamos falando dunha cuestión nova na cal nos podían dar ou non nos podía dar diñeiro,



non estamos falando de subvencionar estamos falando dun servizo que mantiñan, que deixaron de manter e nolo pasaron a nos, e nos regalan 2000 euros para que calaramos a boca, a mín desde logo non me parece moito de recibo, eu fago unha petición aquí que o traslade o Alcalde se o considera á directiva da Mancomunidade e incluso á propia directiva da FEGAMP que vostede forma parte do Consello Federal me parece, que se traslade ahí e que se revise eso, porque eu penso que vamos nunha carreira na que nos vamos a ver afogadisimos desde o punto de vista económico, nos vamos a votar a favor da proposta que se trae e facemos unhas consideracións, que desde a Alcaldía que se manexe como se consideren máis importante.

O Alcalde di: que entón acordamos trasladarlle a Mancomunidade que a Xunta ou ben asuma o servizo como o viña prestando, ou se o asumen os Concellos que a Xunta asuma os custos do mesmo, a través do escrito de remisión deste acordo.

Sometido o asunto a votación o Pleno do Concello por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación e en consecuencia adoptar o seguinte acordó:

1º.- O Concello de Ares comprométese a reservar crédito polo anterior importe para o financiamento deste contrato nos orzamentos dos futuros exercicios económicos que resulten afectados, sempre ben entendido que as obrigas económicas para o Concello será determinadas mensualmente pola cantidade de toneladas xestionadas polo adxudicatario procedentes do municipio. Así mesmo comprométese a satisfacer as obrigas económicas que se deriven para o concello do presente contrato dentro dos prazos establecidos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, e asume directamente as responsabilidades legais e económicas que lle correspondan polo incumprimento de ditos prazos.

PUNTO NÚM. 7.- CONTA XERAL 2009: RESOLUCIÓN REPAROS-OBSERVACIÓNS E APROBACIÓN SE PROCEDE DA MESMA.

Dase conta do Escrito presentado polo Grupo Municipal do BNG, que seguidamente se transcribe:

“ SR. ALCALDE DO CONCELLO DE ARES

O Boletín Oficial da Provincia do pasado 2 de Xuño publicaba o anuncio de información pública da Conta Xeral do 2009 do Concello de Ares, establecendo no mesmo ó período para a formulación de reclamacións, reparos ou observacións á mesma.

Polo que, dentro do período establecido, como Portavoz do Grupo Municipal do BNG formulamos o seguinte escrito



1. Nun informe de dta 27 de Maio, elaborado polo Secretario-Interventor avaliando o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, indicase que na **liquidación do orzamento de 2009 prodúcese un déficit de 564.678,34 euros**. No remate do devandito informe indícase que “Dado que o déficit excede do 4,81% dos ingresos non financeiros (.....) é necesario un reequilibrio nos termos descritos anteriormente. Estáse a referir evidentemente, á necesidade de elaboración dun plan económico-financieiro para a corrección do desequilibrio orzamentario.
2. Segundo se recolle noutro informe de Secretaria-Intervención do 27 de Maio (apartado decimocuarto) a liquidación do orzamento “... non se axusta ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria, polo que si se deberá elaborar un plan económico-financieiro de conformidade co exposto nos artigos 19 de seguintes do RD 1463/2007, de o de Novembro...”.
3. Dos datos que figuran nos documentos de liquidación do orzamento do 2009 despréndese datos máis que preocupantes. Por exemplo, no caso das previsións de ingresos que se fixeran en concepto de Imposto de Construcións e Obras figuraban nada máis menos de 650.000 euros, cando o recadado ao final foi exclusivamente de 66.573 euros. **Ou sexa, só se recadaou o 13% do previsto no orzamento de ingresos.**

Situación que semella vai reproducirse no presente exercicio do 2010, xa que as previsións de ingresos que figuran nos orzamentos aprobados en Marzo é nada máis menos que de 794.943 euros. Ou sexa, en lugar de corrixir o erro abóndase nel.

O mesmo poderíamos dicir no apartado de previsións de ingresos por outros conceptos –entre eles, por certo, o das aportacións do Estado, que baixan máis do 10% do previsto –pero interesa suliñar o balance definitivo no conxunto do **capítulo de ingresos, que arroxa un balance de -2.686.280,47 euros da recadación final con respecto ás previsións orzament orzamentarias**

Orzamentarias.

4. No documento da memoria da Conta Xeral queda reflectido que **a cantidade total considerada de dubidoso cobro para o exercicio económico de 2009 ascende a 419.690,95 euros** cifra a todas luces elevadísima e, cando menos ata o momento, carente de xustificación.
5. No capítulo de Gastos existen importantes desfases entre as cantidades iniciais e o finalmente gastado, nomeadamente en capítulos como o persoal laboral fixo ou cotas sociais; e un claro retraso no cumprimento de obrigas pendentes a 31-12-09 en moitísimos casos superior ao 50% do que estaba orzamentado.

En definitiva e, tendo por presentado este **escrito de reparos e observacións**, solicitamos que o mesmo se traslade ao Pleno para o seu debate e, no caso que proceda, adopción das medidas correctoras que vaian nunha liña de maior obxectividade á hora de definir os



ingresos que lle dan corpo ao orzamento municipal e, fundamentalmente unha maior racionalidade e optimización do gasto público.”

Interven o Sr. Alcalde manifestando que existe a obriga de remisión da Conta Xeral do Presuposto, para súa fiscalización pola Comisión Especial de Contas, en consecuencia acompañase o Edicto de Información Pública, o informe de Secretaria-Intervención, as consideracións xurídicas son por todos sabidas e coñecidas, dicir que a Conta Xeral e un acto esencial para a fiscalización polos órganos de control externo, que non require conformidade coas actuacións reflectidas nela, nin xenera responsabilidade por razón das mesmas, a Conta Xeral e o resultado dunha execución presupuestaria e loxicamente é unha realidade que non admite cambios, reflicte como se executou o orzamento e unha vez executado non se pode cambiar, para que se execute dunha maneira distinta, e en consecuencia loxicamente tamén incorporase o escrito presentado polo Grupo Municipal do BNG o correspondente informe de Secretaria Intervencion, e o que se somete ó Pleno é a aprobación da remisión.

Dase conta do informe do Secretario Interventor de data 26 de xullo de 2010, do seguinte teor literal:

“Asunto: **Escrito de reparos e observacións presentado polo B.N.G. á conta Xeral do exercicio de 2009.**

ANTECEDENTES

Primeiro.- Formulada e rendida a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2009, e informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas na sesión do día 31 de maio de 2010, foi sometida a información pública mediante edicto publicado no B.O.P. núm. 102, do 2 de xuño de 2010.

Segundo.- En tempo e forma polo B.N.G presentase escrito de reparos e observacións.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.

Primeira.- O funcionario que suscribe ratifícase nos informes do 27 de maio de 2010 “Conta Xeral do exercicio económico de 2009”, 27 de maio de 2010 “Liquidación do presuposto para o exercicio económico 2009” e 27 de maio de 2010 “Informe de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria”.

Segunda.- Incidir que a Conta Xeral é un acto esencial para a fiscalización desta polos órganos de control externo, **que non require a conformidade coas actuacións reflectadas nela, nin xera responsabilidade por razón das mesmas.**

Terceira.- Formulada a Conta Xeral do exercicio 2009, se a mesma non é aprobada e remitida ao Consello de Contas, esta Secretaria-Intervención lembra que hai convocatorias de axudas



da Administración do Estado e da Xunta de Galicia que requiren como requisito sine quanon ter rendidas as contas anuais perante o Consello de Contas.

Cuarta.- Insistese na necesidade de adoptar medidas para o estricto cumprimento do Plan de Saneamento aprobado polo Concello Pleno na sesión do día 24-07-09.”

Aberto o turno de intervencións toma a palabra o Voceiro de NAL, manifestando que por canto o procedemento porque hai un escrito de reparo por parte do BNG, eu non sei se procedería haberá que respotalo digo eu.

Resposta o Sr. Alcalde que en principio o punto somete a unha única votación, a resolución de reparos e observacións e a aprobación, polo que en principio os portavoces do Concello teñen a capacidade de intervir no seu turno nos extremos do punto 7, e a votación é a remisión da Conta Xeral os órganos de fiscalización externos.

O Sr. Luis Cendán: Di que hai un escrito de reparos e non sei se hai que respotalo primeiro, debater o estimar ou non estimalo, e despois entrar no tema da conta Xeral, baixo o meu punto de vista. Ante todo das as gracias e bos días a todos, dicir que estamos diante da Conta Xeral a cal desde o noso punto de vista é o documento máis importante desde o punto de vista de control e fiscalización e a transparencia que ten unha Corporación, ademais de ser o instrumento que teñen as Entidades Locais para cumprir a obriga formal para rendir as súas contas á terminación do exercicio presupuestario e que a súa vez pon de manifesto a xestión realizada nos aspectos económicos, financeiro patrimonial e presupostario, e dicir é o instrumento que permite á Corporación e os administrados o que se fixo durante un exercicio orzamentario é o mesmo tempo permite controlar o uso e destino que se deu ó volumen máis ou menos importante de fondos públicos, e en definitiva un mecanismo de control, aínda que o noso non formulou ningunha alegación na fase de información ó público, queremos facer constar neste pleno que e onde se trae para súa aprobación definitiva, a nosa disconformidade coa política económica financeira, que ó mesmo tempo vimos denunciando, e que agora unha vez máis queda evidenciada cos datos negativos que os indicadores e ratios transcritos nela arroxan como a liquidación do presuposto total en -564.678,34 euros, polo tanto sae un aforro neto negativo de máis do 20%, tamén dicir que excede do 4,81% dos ingresos non financeiros en términos de dereitos recoñecidos consolidados e polo tanto estamos obrigados a desenrolar un Plan de reequilibrio, nos términos que marca a Lei según nos dí no informe de Sr. Interventor de 27 de maio de 2010, tamen se incumpre coa lei de estabilidade presupuestaria según informe emitido polo Sr. Interventor de data 27-05-10. No informe de Secretaria de data 26 de xullo de 2010, se insiste na necesidade de adoptar medidas para o estricto cumprimento do Plan de Saneamento aprobado polo Concello Pleno na sesión de 24-07-2009, e para rematar queremos que a documentación da Conta Xeral que se envíe á Administración para súa fiscalización, se incluan todos os reparos feitos por parte do Sr. Interventor en caso de que se fisexen, principalmente de nóminas, contratos de persoal sen convocatoria, de horas extraordinaria e de gratificacións. En definitiva o que xa viñemos



dicindo dende hai uns anos do control do gasto, se ven a evidenciar nas contas que veñen hoxe ó Pleno, creemos que a política económica hai que tomala máis en serio, tratar de reducir o gasto na medida do posible, e cambiar de rumbo porque coas novas aportacións que se están facendo, en canto ó aumento do gasto corrente, eu creo que o camiño é equivocado, e esto o di ademáis o Interventor, estamos ante un Plan que non se esta cumprindo, e creo que hai que empezar a poñer as pedras onde se edifique ese Plan de Saneamento, eu Alcalde todas as intervencións que veño facendo con respecto á conta Xeral, dado ós resultados que veñen saíndo delas, ante a situación económica en que estamos, e seguramente que se non cambiamos de tendencia, esto para o ano aínda vai a ser peor, polo tanto estamos diante dunha situación seria que temos que controlar os gastos, sobre todo o gasto corrente e o gasto de persoal que dada as execucións do presuposto e a liquidación do mesmo nos están apuntando esas luces vermellas, nos hai temos que poñer algún de tipo de cortapisas, e tratar de evitar na medida do posible, eu sei que as veces hai compromisos e por parte da Administración estamos obrigados a dar e non contamos coa financiación necesaria para executalo pero para eso estamos os responsables políticos que as veces, a pesar de tratar de quedar na medida do posible ben con todo o mundo, non se pode quedar, non é posible polas limitacións que temos, polo tanto poñamos limitación e lle demos unha solución ó tema, nada máis pola miña parte.

Interven o Voceiro do B.N.G. Sr. Manuel Rodríguez Doval: Nos presentamos este escrito de reparos ou de observacións á conta Xeral, por unha simple postura de responsabilidade, non solamente por un dereito que temos que como calquer cidadán pode ter feito, nos máis, senón como un deber de intervir, de opinar e de poñer enriba da mesa cuestións que as nos parecenos que se deben de sustanciar con decisións políticas noutra línea, nos estamos profundamente preocupados pola deriva económica do Concello, se algun repasa o debate Plenaria que tivemos en febreiro ou en marzo cando foron os orzamentos deste ano, nos xa fixemos fincapé, na escasa solidez das paredes coas que estábamos construindo o orzamento municipal para o ano 2010, e entendendo que lonxe de resolver os problemas do mal presuposto que estábamos a facer, o que precisamente incidíamos en reproducilos, aquí hai para nos dúas cuestións que son importantes da Conta Xeral, unha conta Xeral que se pecha como se dixo antes cun déficit importantísimo de máis de medio millón de euros, e cunha chamada a algo que xa se debería estar efectivizando pero que non se esta facendo que é o cumprimento do Plan Económico Financeiro que aprobamos por parte da Corporación, dicia hai un momento que estamos persistindo no erro, porque dunha maneira reiterada, porque o grave non é que esto pase cando a realidade non mostrou que estamos equivocados, o grave e que nos manteñamos no erro cando a realidade nos está dicindo que estamos equivocados non. No orzamento de ingresos deste ano seguramente para que cadrase poñiamos unha previsión de ingresos polo concepto de imposto de construcións elevadísimos, nos xa daquela dixemos a pesar que se reduciu a cantidade a proposta do BNG; figuraba unha cantidade desde o noso punto de vista elevadísima, nada máis e nada menos que de 650.000 euros, e fixemonos que a recadación real que se fixo foi nada máis que do 13%



e dicir de 650.000 euros que se tiñan previsto ingresar se ingresaronse a data 31 de decembro 66.573 euros, que quere dicir isto, que estamos facendo pivotar o capítulo de ingresos sobre algo que non é real, porque todo o mundo menos o equipo de goberno de Ares, sabe a estas alturas, primeiro que non temos un documento urbanístico que permita unha certa normalidade desde o punto de vista de seguridade Xurídica para a construción, porque non hai Plan de Urbanismo, e en segundo lugar o boom desesperado e salvaxe que había na construción xa desapareceu, polo tanto seguir teimando en que teñamos que manter, estes ingresos é seguir facendo un presuposto equivocado, e cando fagamos a liquidación do 2010 volverá a pasar o mesmo, porque este ano en lugar de reducila puxemos 794.000 euros, xa sei que se me vai a dicir que se conta que se nos va a pagar a licenza pola obra da EDAR, pero eso esta por ver, e se non hai seguridade xurídica, eu penso que un orzamento non se pode facer así, pero despois hai cuestións máis domesticas, que é o que a nos preocupanos profundamente que é a filosofía do gasto público que hai neste Concello, e ahí o grupo de goberno se move nunha dobre moral, que é explicarnos con nocturnidade e alevosía que se está apagando grande parte do alumado público durante as noites, para aforrar enerxía pero despois por outro lado, facer grandes investimentos en gastos que desde o noso punto de vista son prescindibles, primeiro porque o sería en condicións normais, e segundo porque deben de selo nunha temporada na que a Administración Municipal está obrigada a dar exemplo, enton hai gastos prescindibles, e nos non entedemos porque cando o BNG fai petición de que se prescinda de determinados gastos, se insista no mantemento deses gastos, a mín se me dira por exemplo que os 1.000 euros que se gastaron o outro día no certame de balcóns, estiveron moi ben porque permitiron que o Sr. Alcalde se sacara unha foto cando entregou o premio, claro pero cando nos facemos unha proposta para en lugar de dar nada menos que 500 euros con todos os respetos, a min me parece ofensivo, a unha persoa que ten un balcón ahí lle podemos dar un agasallo, negociar coas empresas que se adican a xardineria, e aforrar os 1000 euros, os 1000 euros se dirá que é o chocolate do loro, pero os 1000 euros unidos os seis mil e pico ou sete mil que se gastan na revista informativa, e a outros gastos que son francamente prescindibles, sumados nos dan unha situación que sabemos a que é, claro que é un problema de prioridades, porque aquí se debateu sobre a presenza do Concello de Ares en FITUR, se nos dixo pareceme que está recollido en acta, que eso ó final non costará moitísimo diñeiro, que costara 3000 euros. Claro, a mín me doe que o final se gastaron os 3000 euros en ir a FITUR, cando o Concello de Ares xa estaba en FITUR co posto da Deputación do Plan de Dinamización de Eume-Ortegal, e que teñamos a caseta de turismo pechada, e non vale o argumento de que contaramos que nos dera diñeiro a Xunta o non o deu, porque claro en Fene tamén contaban que lles diñeiro a Xunta e non o deu, pero a caseta de turismo está aberta. Enton non é de recibo a forma en que se esta gastando aquí, o fastidiado de todo isto é cando nos queda un ano para as eleccións e temos que empezar a dicir que non, e claro que hai que dicir que non a algunhas cousas, e nos estamos disposto a corresponsabilizarnos en dicir que non a algunhas cousas, porque non podemos decirlle que sí a todo, nese sentido mantemos o escrito de reparaos que lle facemos a Conta Xeral, porque o marxe de que xa sabemos o que se nos vai a



dicir, que independendemente da posición a Conta Xeral hai que mandala, nos formulamoslle reparos porque non estamos de acordo, non é certo que a tiñamos un documento no que se concreta como gastamos o diñeiro, senon que tamen temos unha forma concreta de gastar o diñeiro, e nesa forma concreta de gastar o diñeiro nos non estamos de acordo, polo tanto mantemos as alegacións e desde logo non vamos a darlle o voto favorable independientemente de que se vaia a remitir igual a conta Xeral, como xa se dixo o outro día na Xunta de Voceiros, coas matizacións que axa, o noso simplemente son uns reparos, pero son reparos profundos, non é unha cuestión meramente técnica, senón que é un reparo tamén de carácter político, e que ten bastante que ver, en construír o edificio sen solidez, este Concello hai que administralo doutra maneira, quizais o Concello de Ares neste momento esta vivindo por riba das súas posibilidades.

Toma a palabra o Voceiro do P.P. Sr. Manuel Cendán Fernández: Manifestando que xa se dixeron moitas cousas sobre o tema que esta bastante debatido, pero queremos facer un pequeno resume, nos desde que deixamos de gobernar no Concello no 2007, vimos advertindo que se faga por parte da Alcaldía un control presupuestario, que non se viu facendo, viñamos advertindo de todas estas situacións, o que esta claro que desde o ano 1999 que collimos este Concello cun aforro negativo do 23%, no mesmo ano 99 lle dimos a volta a ese dato e pechamos os oitos anos que o PP gobernou este Concello con aforro neto positivo, so foi debido a un control presupuestario, a un control do gasto, e a un control do capítulo 1 de persoal, e creo que eso levou a unhas políticas económicas bastante saneadas, nos vimos advertindo desde o ano 2007 para aquí, de que esto había que ir controlándolo porque se nos estaba desmadrando, e esto vai a ter consecuencias graves no futuro, por calquer decisión que se teña que tomar por urxencia, porque o Concello non está en dispoñibilidade de facerlle frente a nada como ten as contas o Concello, creo que eso esta ben claro pechamos un ano con -564.000 Euros, creo que é unha cifra bastante alarmante para un concello de menos de cinco mil habitantes, e creo que nos debemos de cumprir e eso se aprobou aquí, o cumprimento do saneamento das arcas públicas, e como dixeron os anteriores voceiros, que hai que controlarse no gasto, que hai gastos que non se deben de facer, e menos cando o futuro e os ingresos do concello non son os de antes, quero dicir que nos vamos a votar que non a esto, dicir claramente que aquí xa viu a un Pleno, as graficas eran bastante significativas, desde o ano 2000 ó 2008 en ascendencia de do 2008 en adiante en caída libre, eu creo que eso é un dato alarmante, para un Concello destas características, e sabemos que esto se vai a tramitar, e que os feitos xa están consumados, e espero que nos orzamentos do 2011 e nos sucesivos que se tomen as medidas, e haberá que baixar o capítulo 1, o tema de persoal que igual hai algún servicios que se necesitan pero outros non se deben necesitar, e menos en anos de crise, e o capítulo 7 un control do gasto que se incrementa coa entrada de novos servicios, pero hai gasto corrente que se pode evitar, e control por parte dos Concelleiros e dos Técnicos que levan esto de responsabilidade e de control do gasto que ninguen poida gastar libremente calquer traballador sin unha sinatura dun concelleiro, senon esto ó final do ano se desmadrá, dicir que nos temos coñecementos porque nos veñen aquí, a morosidade no pago é crecente



incrementouse unha barbaridade, e sin decir a cantidade de facturas que hai nos caixóns, sen contabilizar porque non están no orzamento e eso se saberá e descubrirá porque a xente presiona, todas esas facturas haberá que pagalas porque o gasto esta feito, pero bueno, está sen contabilizar porque senon isto sería un desmán todavía peor, creo que a advertencia o vimos falando, duns anos para aquí, e ou se toman as cousas, con seriedade ou con rigor ou senón isto dentro duns anos vamos a estar e quebra, e vamos a ter dificultades para pagar nóminas, para pagar todo tipo de servizos que se están facendo por parte do Concello.

O Sr. Alcalde resposta que lle sorprende moito a posición do B.N.G, o cal crítica a previsión de ingresos por ICO que el votou cando aprobou os orzamentos, e non darlle o visto bo a Conta Xeral a cal reflexa a execución do presuposto que aprobou parece absurdo.

Interven o Voceiro de NAL Sr. Luis Cendán Fernández: Simplemente para correxirte Alcalde, no que dicias que a Liquidación non ven hoxe a debate, a Liquidación forma parte da Conta Xeral, a Liquidación ven ó Pleno a dar conta non a debate, a diferenza é que a Conta Xeral si que ven a debate, a Conta Xeral é para abrir un debate pola importancia que ten porque entre outras cousas inclue a liquidación do orzamento.

Toma a palabra o Voceiro do BNG Sr. Rodríguez Doval: Manifestando que nestes debate sobre todo quen exerce a máxima responsabilidade da institución, debe de ter un pouquiño de humildade non, non sempre se pode estar pensando aquí que a culpa sempre a teñen os demáis, a mín se me gustaría que se fixera unha reflexión, que si orzamentamos 650.000 euros e recadamos 66.000 euros, é que algo pasa, xa non digo que eso sexa para pedir a dimisión de ninguén, senón que introduce, a interrogante de que se o estamos facendo ben, e a pregunta é que non o estamos facendo ben, porque vostede en lugar de agradecer que tampouco o pedimos, que no seu momento o BNG ou os votos do BNG lle permitirán desbloquear un orzamento, porque había cousas importantísimas das que non se fala aquí, como por exemplo comprar uns terreos para facer un colexio que despois non se compraron, ou amañar unha rede viaria que se empezou a amañar pero que aínda esta incompleta, que habera que ir facendoa paso a paso, vostede en lugar de facer eso agora nos vota en cara, que aprobamos os orzamentos e agora nos queixamos da Conta Xeral, pois claro que sí, porque nos non gastamos, vostede se cree ou as veces nos da a impresión de que como lle dimos o voto nos ten para todo, o voto foi para aprobar os orzamentos, os orzamentos gastounos o grupo de goberno, e o grupo de goberno gastou os orzamentos mal, porque non é solamente eso, mire vostede as modificacións de crédito que houbo, e mire vostede as partidas que aínda están pendientes de gastar, e mire vostede as partidas de recadación que aínda están pendientes de ingresar, deso non é responsable o BNG por darlle a vostede un voto para poder quitar adiante uns orzamentos, pero se quere vostede continuar nesa dinámica a nos danos igual, nos exercimos unha posición de responsabilidade, e seguimos dicindo que foi así, pero o que nos parece grave e no que insisto e o que vostede non entendeu que seguimos manexando o erro, porque claro a teoría era, supoñamos que vostede pretendía cobrar ese



diñeiro no ano 2009, no 2009 non se cobrou, enton temos agora un baixon tremendo nesa partida de ingresos que non se cumpriu, e agora vostede esta dicindo que a manteñamos para 2010, e si no ano 2010 tampouco non se cumpre, no 2010 pasará que cando viñamos a aprobar a conta xeral seguiremos tendo un burato nos orzamentos entón, haberá que sentarse un momento e dicir, bueno aquí nos estamos equivocando, non podemos seguir poñendo esa partida ahí, estamos falando dunha diferenza de medio millón de euros practicamente, entre o que se previa recadar e o que finalmente se recadou, medio millón que ó final e o que temos de deficit practicamente, entón aquí non se está falando de nada diferente, ó contrario. A conta xeral ben para debate, a Conta Xeral esta sometida a información pública para que se poidan presentar suxestións e reparos e naturalmente desde o punto de vista dun grupo político que está preocupado, por como van as contas e como se esta facendo, queremos e reitero que non solamente é un dereito senón que ademais é un deber, e con respecto ó outro creo que nos confundimos de foro, que hoxe non hai que facer campaña electoral do que se fixo e o que non se fixo, pero podemos dar ese debate, e do que é prioritario e o que non é prioritario, eu non vou a negar que se fan moitas cousas, do que é prioritario e o que non é prioritario, eu non vou a negar que se fan moitas cousas, eu o que negó en moitos casos é a decisión política de facelas en función de que non se fagan outras, e aquí aínda non se lle puxo freno a esa situación, aquí observo todos os días que se esta gastando sen ningún tipo de rigor, e mantendo cuestións que son prescindibles desde o noso punto de visto, e digo o que dixen antes que estamos dispostos a levantar a mán para dicir o que hai que prescindir, e dar a cara por eso, agora nos sentirnos corresponsables de que se gaste ben ou que se gaste mal, cando os que están gastando, cando os que están gastando ben ou gastando mal son os outros, non somos nos, entón non teñan vostedes ningún tipo de problema, xa sei que a vostede lle rincha moito que lle deramos o voto a favor e que agora non aprobemos a Conta Xeral, pero so lle rincha a vostede, non teña preocupación, non lle rincha o BNG nin ó conxunto da cidadanía, que son dous procesos diferentes, se aproban uns orzamentos e despois se fai unha valoración, quen gastou os orzamentos, que os aprobou, non, o que os aprobou permitiu que saíran adiante, os que os gastou é o responsable político, claro eso é de sentido común, como é de sentido común o que aportou o portavoz de NAL de que a estas alturas aínda non sabemos que unha cousa é a Conta Xeral e outra a Liquidación do Presuposto, por eso hoxe estamos falando e non puidemos falar da Liquidación, pero bueno as veces leva certo tempo aprender, non todo o mundo ten facultade para ser tan rápido, nos vamos a manter o mesmo posicionamento, e simplemente nos que é o que queremos, que o ano que ben non exista déficit, eso é o que queremos nos, porque nos non queremos este argumento político para utilizalo en grupo de goberno, crea vostede que temos unha seria preocupación pola forma na que se gasta o diñeiro aquí, e despois pola falta de delicadeza que ten o grupo de goberno, e non escoitar determinado tipo de propostas que seguramente serían moi boas para axudarlle a gastar de outra maneira, e incluso para gastar menos, puxen antes un exemplo como poderíamos poñer outros, nos poderíamos estar a destruír e dar estopa e non é eso, estamos preocupados polo que acabo de comentar, entonces a nosa preocupación entendá vostede



como unha forma de colaboración e non de agresión, eu non acusei aquí a ninguen de levarse diñeiro para a casa senón simplemente de que non se está gastando ben, porque eu quero que se se gaste ben, e quero que o grupo de goberno gaste ben tamén, porque eso ó final de contas estamos falando do diñeiro que non é noso e eso é o grave de todo isto, eu xa sei que manexar o diñeiro cando é noso somos máis austeros, cando o diñeiro non é noso damoslle a tecla e como sale mentres axa, entón esa é a preocupación que temos nos.

Toma a palabra o voceiro do P.P. Sr. Manuel Cendán Fernández: Eu respostarte a unhas consideracións que fixeche ahí e deixalas claras, mira a todas as urbanizacións se lles pide un aval para facer as beirarúas e todo o que teñen que facer, e se non cumpren se tira do aval que dalgún xa se tirou, aquí non se lle está acusando se fixo máis ou menos obras, se lle está acusando que Vostede o Capítulo 1, desde que entrou de Alcalde e con menos volumen de traballo que había antes vostede o incrementou en un millón de euros, quero dicir que con menos traballo incrementou a plantilla de persoal e o gasto corrente lle pasou exactamente igual, cando un ten unha responsabilidade, e eso esta no control presupuestario, cando salen as ordenes de subvención de todas as administracións, nos Concellos hai unha profesional e veñen, unhas veñen co 30% outros cun 40 e outras cun 50%, e moitas cando fas o presuposto tes que renunciar porque son subveccións envenenadas, pois te dan un 30% e tes que invertir o 70%, e esas subveccións e esas axudas hai que dicir que non, porque o Concello non pode facerse cargo deso, é preferible esperar ó ano que ven a facer unha obra e non empeñar o Concello e facer a situación así, porque ese é un control presupuestario, o dixo o anterior portavoz vostede esta vivindo por riba das posibilidades que ten o Concello de Ares, e esa é a realidade, e estamos dando uns servizos que non dan as cidades, os estamos dando con 5000 habitantes, nos aquí fixemos obras como pode ser esta Casa Consistorial con fondos propios, sin axuda de ningún tipo, as Alianzas Aresanas, con fondos propios, e compra de terreos para que ustede poidera, aínda que o fixen eu o proxecto do Parque de Redes, e a peatonalización das Rúas esas, non se ría vostede que ese proxecto o fixen eu, e o que comprou os terreos para o aparcamento foi este Señor Alcalde, e o que comprou a casa que houbo que pagar vinte millóns por unha bodega para poder darlle acceso ó aparcamento fun eu, non veña vostede aquí, o proxecto ese o fixen eu, a vostede tocoulle de executalo pero ese proxecto e esa petición a fixo este Alcalde, coa axuda do Presidente do Clube de Remo, e a idea de facer a accesibilidade e poñer a Rúa Nova e unha cousa que se recortou que era por onde vai o río poñer un paso peatonal desde o aparcadoiro ata a Praza do Pedregal para pasar a xente para viñeira directamente e non viñeira pola estrada, e se quitou, eso que lle quede claro, non veña vostede aquí vendendo moitas obras como vendeu o mercado, como vendeu o campo de fútbol, e obras que lle puso a placa a unhas obras que eu xestionei e que eu fixen, lle poño de exemplo o mercado municipal que lle foi a poñer a placa e xa levaban seis meses traballando ahí, aquí non vimos a vender se fixemos mais obras ou menos obras eso xa se verá, o que aquí vimos a dicir que se presentou un presuposto no que vostede ten un desfase de 600.000 euros, e vostede desde que se fixo cargo deste Concello incrementou o gasto de persoal nun millón de euros, eso e o que fixo vostede, e o gasto corrente ahí o ten e por eso



saen os números así, que casualidade, que nos collemos o goberno no 99 a metade de ano cun desfase no orzamento do 23%, quere dicir que de cada 100 pesetas que se ingresaban se gastaban 123, nese mesmo ano xa o controlamos e durante os 8 anos que o P.P. estivo no goberno todas as contas diron aforro neto positivo, non houbo ningún ano que pechamos en negativo, sempre con positivo, e cando foi a liquidación, cando foi o arqueo deste Concello cando eu deixei de ser Alcalde, quedaron 4 millóns de euros en caixa, e estamos a 9 meses dunhas eleccións, e cando vaia a facer o arqueo vai a ver o arqueo que vai a deixar vostede, e vostede colla nos meus 8 anos haber si pechei algún cun aforro negativo de 600.000 euros, e tivemos que ir porque por parte do seu goberno na Xunta nos quitaron a subvención para a construción da Casa do Concello e tivemos que ir a un crédito de 300.000 euros para poder remátalo, porque sabíamos que non se ía a parar a obra, e incrementamos ahí a debeda porque o queríamos rematar porque sabíamos o que nos viña enriba, que senón eso era intachable, e é intachable e vostede ogalla poidera deixar e vostede agora esta inventando haber si pode rebobinar o tema da auga, se pode rebobinar o que lle dixo o voceiro do BNG o tema da licenza da EDAR para poder blanquear un pouco e deixar saneado as contas dos tres anos que leva vostede de goberno, esa é a realidade do Concello, e eu podo dar e o dixen anteriormente desde o 2008 para aquí a gráfica que trouxeron aquí os técnicos do Concello cando viu a liquidación foi en ascendencia sempre e partir do 2008 en caída vertical, esa é a situación económica do Concello, e esa é realidade, e aquí ninguén lle esta achacando que si non asfaltou o camiño ou senon tal, porque na anterior Pleno o dixen eu, dixen que había unha serie de camiños mal pero non lle dixen que os fora a asfaltar, eu lle dixen que tapara os baches, e lle din unha solución, lle dixen que hai moitas empresas traballando en Ares, e os sobrantes de asfalto que teñan tape vostede os baches, eu non lle esixin que asfaltara e que incrementara a debeda do Concello, e eu lle dixen que nas condicións que poidera a coste cero que fixera esa xestión, e nos porque o vivimos e sabemos que as obras molestan, o Mazote están urbanizando están metendo servicios e ten que estar feito unha merda, e hai que pasalo pero hai cousas que se poden evitar, pero outras que están mal e se van a asfaltar que por certo eu teño coñecemento que eso o vai a asfaltar Augas de Galicia, este non é o debate, eu quería que o Secretario por parte dun portavoz anterior se preguntou se había reparos, xa que aquí non constaban reparos de nóminas, de gratificacións, e eu quero que o Sr. Secretario me diga a mín si é certo que hai reparos ou non, quero saber se por parte da Intervención se fixeron reparos a nóminas ou gratificacións, si os hai porque non viñeron, e se non os hai pois non os hai.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente: Xa esta todo suficientemente debatido, e en consecuencia so falla poñer de manifesto creu eu efectivamente que nunca se fixo tanto con tampouco, nunha situación de crise económica, que efectivamente nos afecta de maneira importante as Administracións Locais, as Administracións Autonómicas, as Administracións Estatais, e efectivamente todos sabemos que xa con carácter mundial e con carácter global, creo que efectivamente haberse empeñado en mellorar a calidade de vida dos veciños, en ampliar os servicios, en mellorar os existentes, nunha situación na que por desgracia nos tocou



vivir, efectivamente como mínimo me imaxino que terá algo de mérito, porque efectivamente moi fácil non é, e levamos dous anos sen pedir prestamos, no presuposto do ano pasado non ía ningunha operación de crédito, no presuposto deste ano tampouco vai ningunha é dicir sin nin siquera pedir préstamos, sin deberlle nada os bancos e a Conta Xeral así o reflexa, prestamos cero, ingresos moi poucos pola crise, obras moitisimas, e evidentemente esta claro que so hai que saír e velas, e esa é a realidade.

Acto seguido sometese o asunto a votación co seguinte resultado: 6 votos a favor (5 PSdeG-PSOE e 1 do Concelleiro non adscrito Sr. Echevarría Lage) e 6 votos en contra (3. P.P. 2 BNG e 1 NAL), á visto do empate na votación realizase unha nova votación co mesmo resultado polo que é aprobada co voto de calidade do Sr. Alcalde-Presidente.

O Sr. Alcalde manifesta que como dixemos as contas non hai porque compartilas pero intentar que o Concello non envíe as contas para que as fiscalice é absurdo, aquí o que se esta votando é a remisión, entonces estamos en contra de que o Tribunal de contas fiscalice as contas e que é absurdo.

O Sr. Rodríguez Doval, di que si por parte do Sr. Secretario se podía leer o que pon o punto da Orde do Día no que estamos, porque igual o meu non pon o mesmo.

Resposta o Sr. Alcalde que o lee el que é quen ten a competencia sobre a confección da Orde do Día "Punto 7: Conta Xeral 2009: Resolución Reparos-Observacións e Aprobación se procede da mesma".

PUNTO NÚM. 8.- MODIFICACIÓN SE PROCEDE DO REGULAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.-

O Sr. Alcalde-Presidente, manifesta que tivemos unha inspección, e nesa inspección o inspector advertiu dunha contradición na normativa reguladora do servizo de Axuda a Domicilio do Concello de Ares, e dalgunha maneira instou a esa modificación para adaptar un párrafo ou dous, á regulación xerarquicamente superior, en consecuencia temos que adaptala e así se explicou na Comisión correspondente.

Aberto o turno de intervencións toma a palabra o SR. Luis Cendán: Este asunto xa foi á Comisión e simplemente é de obrigado cumprimento, nos esixen por parte da Xunta o cumprimento da Lei, ese artigo en concreto a incumpría, e simplemente é de aplicación directa polo tanto o debate non ten sentido.

Interven a voceira do BNG Sra. Abeal Perez: Bo día a todos, aínda que so vai o cambio de regulamento e se a Xunta di que ten que facelo, ten todo o dereito de dicilo, pero nos non vemos moi claro que nese punto número 5 do artigo 4 da Orde da Xunta na que regula este servizo nos obrigue a este cambio non, pero vou a leelo para que a xente se entere un pouco de cambio é, o cambio é que no servizo de axuda no fogar había limpeza básicas no fogar,



eso estaba recollido, e logo había unha excepción que dicía non que quedaban excluídas as tarefas de tipo puntual e extraordinario como limpeza de altos, limpeza xeral, limpeza en zonas comunitarias etc., este é o párrafo que se vai a eliminar, en realidade o regulamento da Xunta no párrafo que dí que é o que non se cumpre, e este: “en ningún caso poderá formar parte das actuacións, desenvolvidas polo servizo a realizar as actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención, e no acordo de servizos recollido no artigo 12 desta orden, tampouco poderan formar parte as actuacións que polo seu carácter sanitario deberán de ser realizadas entodo caso por persoal facultativo” aínda que non vemos moi claro onde o dí, tamén entedemos que a Xunta ten dereito a facelo, e que si queremos que este Concello siga recibindo as axudas destinadas pola Xunta para o Plan concertado, deberemos de facer a modificación, vendo como desde a Xunta se está a recortar todos estes servizos, sociais, e as axudas ós máis necesitados todo cada disculpa da dichosa crise, pois non podemos arriscar a que nos quiten esta subvención, aínda que logo esta Xunta que ten tan problema coa crise, pode gastar millóns de euros nas poucas horas que vai a pasar o Papa aquí en Galicia, xa vedes as prioridades que ten o P.P., as prioridades están clarísimas, bueno, e voltando co regulamento, tamén temos que pedirlle a este Concello que utilice este servizo xa que se abre a porta a moitas cousas aquí, que se utilice o servizo con moito sentido común, e que sexan os servizos técnicos dos servizos sociais os que controlen todas estas tarefas.

Toma a palabra o voceiro do P.P. Sr. Manuel Cendán: Esta claro que houbo que cambialo porque por parte da Xunta da Consellería de Traballo e Benestar Social, nos comunicou que no artigo 4 párrafo 5º había que cambiar unha cousa e adaptalo ao que dí a lei, e nada máis.

Sometido o asunto a votación o Concello Pleno por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

PUNTO NÚM. 9.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ORDENANZA XERAL MUNICIPAL SOBRE TRAFICO, CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS A MOTOR E SEGURIDADE VIARIA.

Dada conta da Ordenanza Xeral Municipal sobre Tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, que figura incorporada o expediente.

Acto seguido dase conta do informe do Sr. Secretario de data 21 de xullo de 2010, do seguinte teor literal:

“INFORME DE SECRETARÍA

Asunto : Ordenanza xeral municipal de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

De acordo co ordenado pola Alcaldía mediante, e en cumprimento do que se establece no artigo 3.a) do Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, por que se regula o Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte

NFORME



PRIMEIRO. O Municipio, segundo dispón o artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Así mesmo, na súa calidade de Administración Pública de carácter territorial, e sempre dentro da esfera das súas competencias, corresponde a este Concello a potestade regulamentaria e de organización.

O instrumento axeitado para regular o tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria é a aprobación dunha Ordenanza municipal, disposición administrativa de rango inferior á Lei, de exclusiva e mellor aplicación neste Municipio, que complete as Leis e Regulamentos estatais, dada a súa peculiaridade e a súa diferenciación con respecto ás devanditas Leis e Regulamentos de ámbito de aplicación máis amplo.

Así o artigo 25.2 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, ao atribuír ao Municipio competencia en materia de ordenación de tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas (apartado 2), impón que esa, e as demais competencias que enumera o devandito precepto, exerceranse «nos termos da Lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

Esa Lexislación a que se remite a Lei de Bases está constituída fundamentalmente polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, por que se aproba o Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria e polo Regulamento Xeral de Circulación, aprobado por Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro.

No artigo 7 do Texto Refundido da Lei sobre o Tráfico, ao regular as competencias que a Lei atribúe aos Municipios non se encontra a posibilidade de modificar o réxime de sancións na materia, determinándose que a normativa local que se exerza a través ou de acordo cunha Ordenanza Municipal.

Estas competencias Municipais deben respectar os termos da Lexislación estatal ou autonómica correspondente. Neste sentido debe considerarse o artigo 93.4 do Regulamento Xeral de Circulación, aprobado por Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro, dispón, baixo a rúbrica «Ordenanzas Municipais», que **en ningún caso poderán estas oporse, alterar, desvirtuar ou inducir a confusión cos preceptos deste Regulamento.** Pola súa banda, o artigo 2.2 do Regulamento para o exercicio da potestade sancionadora, Real Decreto 1398/1993, do 4 de agosto, impón tamén o respecto das Ordenanzas Municipais á Lei en materia de infraccións e sancións previstas na mesma.

Por último a propia Lei 18/2009 de 23 novembro de modificación do Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria na súa exposición de motivos di: «*A diversidade de Administracións con competencias sancionadoras en materia de tráfico é unha característica que tamén debe ser tida en conta. A Lei unifica criterios na idea de que o condutor teña sempre presente que o seu comportamento contrario á norma, con independencia do lugar en que se cometa a infracción e da Administración competente, vai recibir o mesmo reproche Xurídico*».

Así pois e tendo en conta que o que se dispón no artigo 65 do Texto Refundido de Tráfico, que establece o cadro xeral de infraccións, clasificandoas en leves, graves e moi graves e o artigo 67 que determina as sancións que corresponden coas infraccións e expósto anteriormente, o funcionario



que subscribe **considera que o Concello carece de competencias para aprobar unhas contías distintas ás establecidas pola Lexislación estatal.**

O Concello deberá respectar os límites establecidos polo Texto Refundido sobre a Lei de Tráfico en materia de sancións por infraccións á mesma, tal e como se fai na proposta de Ordenanza.

SEGUNDO. A lexislación aplicable vén determinada por :

- O artigo 56 do Real decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, por que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Os artigos 21.1.n) e 25.2.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Artigo 7 “competencias dos municipios” do Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, polo que se aproba o Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de vehículos, a motor e seguridade vial.
- Real Decreto 1428/2003, do 21 novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenrolo do Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real decreto Legislativo 339/1990, do 2 de marzo.
- Lei 18/2009, do 23 de novembro, pola que se modifica o Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Legislativo 339/1990, do 2 de marzo, en materia sancionadora.
- Artigo 149.1 da Constitución, en canto atribuíu a competencia exclusiva ao Estado en materia de tráfico e circulación a motor, comprendéndose o concepto, tal e como sinala a **Sentenza do Tribunal Constitucional 59/1986**, do 6 de maio “non soamente as condicións atinentes á circulación, se non tamén ás condicións que deben levar a cabo os vehículos que deban circular”

TERCEIRO. A aprobación das Ordenanzas locais axustarase ao seguinte procedemento:

A. Por Providencia de Alcaldía tén que se iniciar o expediente e solicitarase aos Servizos Municipais competentes, en razón da materia, a elaboración da Ordenanza xeral municipal sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

B. Elaborado e recibido o proxecto de Ordenanza, corresponderá a aprobación inicial da mesma polo Pleno (artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local), previo Ditame da Comisión Informativa, e abrirase período de información pública, por un prazo mínimo de trinta días, para que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. O Acordo de aprobación inicial publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no taloleiro de anuncios do Concello.

C. Concluído o período de información pública, se se presentaron reclamacións e/ou suxestións, deberán resolverse estas, incorporándose ao texto da Ordenanza as modificacións derivadas da resolución das alegacións. A aprobación definitiva corresponde ao Pleno, de conformidade co disposto polos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, previo Ditame da Comisión Informativa.

D. No suposto de que non se presenten reclamacións en relación coa aprobación inicial da Ordenanza no prazo de información pública, entenderase definitivamente adoptado o Acordo ata entón provisional, estendéndose por esta Secretaría a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial.

E. O Acordo de aprobación definitiva [expresa ou tácita] da Ordenanza, co texto íntegro da mesma, debe publicarse para o seu xeral coñecemento no taloleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, tal e como dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Tal é o meu informe, nos obstante o Pleno do Concello co seu superior criterio acordará o que estime convinte.”

O SR. Alcade manifesta que o Concello de Ares ten delegada na Deputación Provincial de A Coruña, as obrigas de xestión económica de moitas actividades, tanto de xestión como de imposición, e en consecuencia desde a Deputación suxírese a necesidade de uniformidade do cadro de sancións, e en consecuencia loxicamente a acomodación do mesmo á unha ordenanza efectivamente actualizada conforme á lexislación vixente, na actualidade, esta ordenanza foi redactada con esa finalidade co apoio da Policía Local, pasou pola Comisión coa presenza do Cabo da Policía Local, e unha vez finalizada e concluída como acordamos no Pleno anterior que foi retirada, voltamos a traela outra vez a Pleno para aprobación por parte da Corporación.



Aberto o turno de intervencións toma a palabra o Voceiro de NAL SR. Luis Cendán: Eu simplemente dicir que esto se retirou dun Pleno anterior por motivos de procedemento, porque concretamente eu non asistín á Comisión Informativa onde se había tratado este tema, e polo tanto dicir que a miña intervención se vai a limitar a eso, o debate xa foi aberto, estiven dando unha lectura máis ou menos profunda nos asuntos entendendo que máis interesantes para noso Concello, e creo que é factible a norma e ademáis entendemos que os Concellos teñen que ter este tipo de normas aprobadas canto antes polas consecuencias que pode levar o non telas, polo tanto o meu voto vai a ser favorable.

Interven a voceiro do BNG Sra. Abeal Perez: Como xa dixen no Pleno anterior o BNG vai a votar a favor porque cumprir a Lei é básico para nos, e aquí o único que se trae e adecuar a Ordenanza de Tráfico á normativa vixente, pero dende o BNG pedimos que esto non se quede aquí, hai varias cousas que facer, dende o concello terá que poñerse os medios persoais e materiais necesarios para poder cumprir esta ordenanza, como xa pedimos nunha moción no 2008, pensamos que desde logo se teñen que facer un Plan de Tráfico serio, pero moi serio, feito por técnicos que coñezan o noso Concello e a súa problemática específica para poder solucionar o caos que sufrimos no noso concello, sobre todo na época de verán, e quizás tamén sería un bo momento para que nos plantexarmos solucionar o problema do aparcamento nun momento en que como vedes a construción como xa se dixo aquí tivo este paron tan grande e igual sería un bo momento para buscar unha solución a este tema, penso que o tráfico é un problema bastante gordo no noso Concello.

Toma a palabra o voceiro do P.P. Sr. Manuel Cendán Fernández: Bueno nos vámonos a abster, coa norma estamos practicamente de acordó pero creemos que na realidade moito do que ven aquí no regulamento por parte do Concello non se vai a cumprir, dixo anteriormente a portavoz do BNG, nos non lle poñemos paos nas rodas e polo tanto nos vamos a abster.

Fixadas as posicións grupos pola Alcaldía sometese a votación o asunto e o Pleno da Corporación por 9 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 2 BNG, 1NAL e 1 concelleiro non adscrito Sr. Echevarria Lage) e 3 abstencións do Grupo Municipal do P.P., acorda prestarlle a súa aprobación e en consecuencia adoptar o seguinte acordo:

1º.- Aprobación inicialmente a Ordenanza Xeral Municipal sobre tráfico, Circulación de vehículos a Motor e Seguridade Viaria.

2º.- Someter o presente acordo a información pública por un periodo de 30 días a efecto de reclamacións, mediante publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia.



PUNTO NÚM. 10.- RESOLUCIÓN ALEGACIONES E APROBACIÓN DEFINITIVA SE PROCEDE DA ORDENANZA MUNICIPAL DE INSTALACIONES DE TELECOMUNICACIONES POR TRANSMISION-RECEPCION DE ONDAS RADIOLÉCTRICAS.

Dase conta do informe do Sr. Secretario de data 23 de xullo 2010, do seguinte teor literal:

“INFORME DE SECRETARÍA

ASUNTO : Resolución de alegaciones presentadas contra o acordo de aprobación inicial da Ordenanza Municipal de Instalaciones de Telecomunicaciones por Transmisión-Recepción de ondas radioléctricas e aprobación se procede con carácter definitivo.

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data 24 de setembro de 2009 foi aprobada en sesión plenaria con carácter inicial a ordenanza Municipal de Instalaciones de Telecomunicaciones por Transmisiones-Recepción de ondas radioléctricas.

Segundo.- Foi sometida a información pública mediante edicto publicado no B.O.P. núm. 223, do 16 de outubro de 2009.

Terceiro.- Con data 22-10-09 é presentado escrito de alegaciones por Dn. Ricardo Rodríguez Paz (4012/09).



Con data 25-11-09 se presenta escrito de alegacións por Dn. Antonio Raposo Vidal en nome e representación de VODAFONE ESPAÑA, S.A.U. (4504/09), rexistrado o 20-11-09 na Subdelegación do Goberno en A Coruña.

Por telefónica Móviles de España presentase o 01-12-09 escrito de alegacións (4584/09), presentado certificado aberto en correos o 26-11-09.

Cuarto.- Dada a carácter das alegacións presentadas, extensión, minuciosidade unido a veces a afirmacións xenericas propias de meras declaracións de intencións, polo funcionario que suscribe vaise informar globalmente as mesmas sen entrar a analizar unha por unha, baseándose nos fundamentos de dereito de dúas sentenzas : **Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 21 de xaneiro de 2010 (Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 2ª, recurso 4019/2008)**, e **Sentenza do Tribunal Supremo de 15 de xuño de 2010 (Sala Terceira, sección 4ª, recurso 240/2007)**.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira.- A potestade normativa recoñecida á Administración Local encontra nas ordenanzas unha das súas principais vías de formal expresión. No presente suposto é preciso sembrar a doutrina xurisprudencial existente na materia, plasmada entre outras nas **Sentenzas do T.S. de 24 de xaneiro de 2000, 18 de xuño de 2001, e 15 de decembro de 2003**.

Así na Sentenza do T.S. de 15 de decembro de 2003 invocando a Sentenza do T.S. de 24 de xaneiro de 2000, o artigo 149.1.21 da CE delimita as competencias estatales en materia de telecomunicacións respecto das Comunidades Autónomas, mentras que as competencias municipais derivan da Lei, sen prexuízo de que a autonomía local represente unha garantía institucional recoñecida pola CE para a “xestión dos intereses locais” (arts. 137 e 140 CE), engadindo, en **STS do 18 de xuño de 2001**, que a existencia dun recoñecemento de tal competencia nunca materia como exclusiva da Administración do Estado non comporta, por si



mesma, a imposibilidade de que na materia poidan existir competencias cuxa titularidade corresponda aos entes locais.

Así a devandita STS dí :

El sistema de fijación o de determinación de competencia del Estado y de las Comunidades Autónomas que se verifica en el Título VIII de la Constitución tiene como finalidad el establecer los principios con arreglo a los cuales deben distribuirse las competencias básicas, normativas y de ejecución entre el Estado y las Comunidades Autónomas, como entes territoriales investidos de autonomía legislativa. Sin embargo, no impide que la Ley, dictada con arreglo al esquema competencial citado, reconozca competencias a los entes locales ni anule la exigencia constitucional de reconocer a cada ente local aquellas competencias que deban considerarse necesarias para la protección de sus intereses en forma tal que permita el carácter reconocible de la institución. La autonomía municipal es, en efecto, una garantía institucional reconocida por la Constitución para la "gestión de sus intereses" (*artículos 137 y 140 de la Constitución*) y hoy asumida en sus compromisos internacionales por el Reino de España (*artículo 3.1 de la Carta Europea de Autonomía Local, de 15 de octubre de 1985, ratificada por Instrumento de 20 de enero de 1988*). Los Ayuntamientos pueden establecer las condiciones técnicas y jurídicas relativas a cómo ha de llevarse a cabo la utilización del dominio público que requiera el establecimiento o la ampliación de las instalaciones del concesionario u operador de servicios de telecomunicaciones, en su término municipal, utilizando el vuelo o el subsuelo de sus calles. Ello no es obstáculo al derecho que lleva aparejada la explotación de servicios portadores o finales de telecomunicación (la titularidad que corresponde a los operadores) de ocupación del dominio público, en la medida en que lo requiera la infraestructura del servicio público de que se trata (*artículos 17 LOT/87 y 43 y siguientes LGT/98*). **Este principio es plenamente aplicable a las instalaciones por parte de los operadores (sujetos a la sazón al régimen de concesión) que puedan afectar en cualquier modo a los intereses que la Corporación municipal está obligada a salvaguardar en el orden urbanístico, incluyendo la estética y seguridad de las edificaciones y sus repercusiones medioambientales, derivadas de los riesgos de deterioro del medio ambiente urbano que las mismas puedan originar. Las expresadas instalaciones por parte de las empresas de servicios aconsejan una regulación municipal para evitar la saturación, el desorden y el menoscabo del patrimonio histórico y del medio ambiente urbano que puede producirse, por lo que no es posible negar a los Ayuntamientos competencia para establecer la regulación pertinente.** La necesidad de dicha regulación es más evidente, incluso, si se considera el efecto multiplicador que en la incidencia ciudadana puede tener la liberalización en la provisión de redes prevista en la normativa comunitaria (*Directiva 96/19 / CE, de la Comisión de 13 de marzo*, y *Ley 11/1998, de 24 de abril General de Telecomunicaciones*) y en la nueva regulación estatal.

Esta normativa reconoce la existencia de una relación directa entre las limitaciones medioambientales y de ordenación urbana, a las que, sin duda, puede y debe atender la regulación municipal, y las expresadas instalaciones". En dicha sentencia, también se indica lo siguiente": **1º) La competencia estatal en relación con las telecomunicaciones no excluye la del correspondiente municipio para atender a los intereses derivados de su**



competencia en materia urbanística, con arreglo a la legislación aplicable, incluyendo los aspectos de estética y seguridad de las edificaciones y medioambientales. Por consiguiente, los Ayuntamientos pueden, en el planeamiento urbanístico, establecer condiciones para la instalación de antenas y redes de telecomunicaciones, y contemplar exigencias y requisitos para realizar las correspondientes instalaciones en ordenanzas o reglamentos relativos a obras e instalaciones en edificios (*art. 4.1 a) LRBR Y 5 RSCL*), tendente a preservar los intereses municipales en materia de seguridad en lugares públicos (*artículo 25.2 a*), ordenación del tráfico de vehículos y personas en las vías urbanas (*artículo 25.2 b*), protección civil, prevención y extinción de incendios (*artículo 25.2 c*), ordenación, gestión, ejecución y disciplina urbanística (*artículo 25.2 d*), protección del medio ambiente (*artículo 25.2 f*), patrimonio histórico-artístico (*artículo 25.2 e*), y protección de la salubridad pública (*artículo 25.2 f*) 2º). El ejercicio de dicha competencia municipal en orden al establecimiento de exigencias esenciales derivadas de los intereses cuya gestión encomienda el ordenamiento a los Ayuntamientos no pueden entrar en contradicción con el ordenamiento ni traducirse, por ende, en restricciones absolutas al derecho de los operadores a establecer sus instalaciones, ni en limitaciones que resulten manifiestamente desproporcionadas."

Segunda.- É claro que as instalacións por parte das empresas de servizos aconsellan unha regulación municipal para evitar a saturación, o desorden e o menoscabo do patrimonio histórico e do medio ambiente urbano que pode producirse, polo que non é posible negar aos Concellos – neste caso Concello de Ares- competencia para establecer a regulación pertinente.

Terceira.- A Ordenanza dispón que o Concello establecerá a obriga de compartir emprazamento por parte das diferentes operadoras, e elo cabe entendelo xustificado en razóns urbanísticas, medioambientais ou paisaxísticas, pero tamén prevé que podrá quedar sen efecto se as operadoras xustifican a imposibilidade técnica, etc. Con dita cautela non pode sosterse a disconformidade a dereito, sendo aceptable que o Concello fomente a celebración de acordos voluntarios entre operadores para a ubicación compartida e o uso compartido de infraestructuras situadas en bens de titularidade pública ou privada.

Cuarto.- A esixencia de licenza de obra ven establecida nos artigos 12 e 15 que á súa vez recollida no artigo 10, números 1 (instalacións) y 10 (voo sobre edificacións) do Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia, aprobado por Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenrolo e aplicación da Lei do Solo de Galicia; se refire a Ordenanza corresponde á súa natureza potencialmente perigosa, que queda clara na normativa vixente, postura mantida por unha parte dos Tribunais Superiores de Xustiza, se ben o T.S. vé máis correcta a postura de non esixir licenza de actividades calificadas.



Quinto.- No recurso de casación interposto por FRANCE TELECOM ESPAÑA S.A., o T.S. na Sentenza de 16 de xuño de 2010 extrae as seguintes conclusións, cuxo fallo reproducése a continuación, moi ilustrativa para o presente suposto:

- *Primeiro motivo de casación :*

Comenzando por la respuesta al primer motivo de casación, discrepa con la sentencia de instancia, sobre la base de la fundamentación ya expuesta, en lo relativo a la posibilidad de que los Municipios puedan establecer límites de exposición electromagnética para la protección de la salud de las personas, inferiores a los contemplados en la normativa estatal.

Dicha cuestión ha sido ya tratada y resuelta por esta Sala. En concreto, nos remitiremos, atendiendo a criterios de coherencia y de unidad de doctrina, a lo ya declarado en la Sentencia de 17 de noviembre de 2009, rec. 5583/2007 : "El riesgo que la exposición prolongada a radiaciones electromagnéticas, en especial las procedentes de las estaciones base de telefonía móvil, pueda ocasionar a la salud ha producido una honda preocupación a la sociedad; por ello, el Gobierno aprobó el *Real Decreto 1066/2001, de 28 de septiembre* por el que se aprueba el Reglamento que establece las condiciones de protección del dominio público radioeléctrico, restricciones a las emisiones radioeléctricas y medidas de protección sanitaria frente a emisiones radioeléctricas.

Esta disposición general establece unos límites máximos de emisión que dependen de las frecuencias utilizadas y recoge los criterios de protección sanitaria frente a campos electromagnéticos procedentes de emisiones radioeléctricas establecidos en la Recomendación del Consejo de Europa de doce de julio de mil novecientos noventa y nueve, relativa a la exposición al público en general a los campos electromagnéticos.

El hecho que este riesgo por los campos electromagnéticos procedentes de emisiones radioeléctricas no puede ser considerado cerrado desde una perspectiva estrictamente científica, es lógico que los Ayuntamientos en el ámbito de su propia competencia se sientan tentados a imponer medidas adicionales de protección en esta materia, bien exigiendo, como acontece en el caso que enjuiciamos, límites o condiciones complementarios a los establecidos en el citado *Real Decreto 1066/2001* , bien, estableciendo distancias de protección frente a determinadas zonas sensibles -colegios, hospitales, parques y jardines públicos- estableciendo unas áreas de seguridad alrededor de esas zonas sensibles en los que no se permita la instalación de estaciones emisoras de radiaciones electromagnéticas.



De ahí, estas normas dentro del marco de la *Ley 3/1998, de 27 de febrero*, tienen una finalidad preventiva y pretenden la adaptación de las licencias y mejoras técnicas disponibles, adecuándose como afirma la Administración demandada a la doctrina del Tribunal Superior de Justicia de Cataluña, que corresponde a la doctrina reiteradamente mantenida por esta Sala."

Lo que nos obliga a desestimar el primer motivo de casación.

- *Segundo motivo de casación :*

Pasando al análisis del motivo segundo, plantea en primer lugar que los Ayuntamientos no pueden, en una Ordenanza del tipo de la dictada por el Ayuntamiento de Sedavía, imponer medidas de restricción a la instalación de antenas, al corresponder tal previsión a los instrumentos de ordenación territorial.

Argumento que debe ser rechazado teniendo en cuenta lo que ya se ha dicho en el fundamento de derecho anterior, en particular sobre la posibilidad de que los Ayuntamientos puedan contemplar exigencias y requisitos para realizar las correspondientes instalaciones en ordenanzas o reglamentos relativas a obras e instalaciones en la vía pública o de "calas y canalizaciones" o instalaciones en edificios (*art. 4.1 a) LRBR y 5 RSCL*), entre otras, desde la perspectiva de la ordenación, gestión, ejecución y disciplina urbanística (*artículo 25.2 d LRBR*) . Una segunda cuestión planteada en el motivo segundo es la relativa a la exigencia de que las instalaciones se adapten a la tecnología y diseño disponible en el mercado que menor impacto ambiental y visual provoque.

Nos hemos referido a esta especie de **cláusula de progreso** en nuestra sentencia de 16 de julio de 2008, rec. 7790/2004, relacionándola con la admisión de la utilización en las disposiciones reglamentarias de conceptos jurídicos indeterminados, con el límite de que su concreción sea factible en virtud de criterios lógicos, técnicos o de experiencia. Supone ésta una técnica en que, junto a las zonas de certeza positiva o negativa, se distingue un llamado "halo o zona de incertidumbre" en relación a la cual es también posible la concreción inicial por parte de la Administración y el definitivo control jurisdiccional mediante la aplicación de los criterios propios de la interpretación normativa. En definitiva supone una técnica de expresión normativa admisible en cuanto respeta en grado suficiente el principio de seguridad jurídica, pues mediante una labor de reducción de conceptos utilizados y apreciación de las circunstancias concurrentes, habitual en la técnica jurídica, puede resolverse en cada caso si concurre o no el supuesto determinante según la previsión de la Ordenanza de la procedencia o no de otorgar o no la autorización o licencia necesaria para el desarrollo, en condiciones socialmente aceptables de una determinada actividad.



Por lo tanto, en esta como en aquella ocasión, nada hay que oponer a la posible utilización de esa denominada mejor tecnología para que se respete el menor impacto visual y ambiental y la menor afección a la salud de las personas, e insistimos en que tal previsión se funda en normas del Estado como es el caso del *Real Decreto 1066/2001*.

- *Terceiro motivo de casación :*

Nos resta enfrentarnos al motivo tercero, que invoca los *arts. 103 CE y 35 .g) LRJAP* en relación con la utilización por la Ordenanza de ciertos términos que a su juicio carecen de concreción suficiente como para que el administrado pueda saber de antemano cuáles son los requisitos que la Administración le exige para llevar a cabo su actividad ordinaria. En concreto, la impugnación de la parte hace referencia a las expresiones "menor impacto ambiental o visual" a que se refería el anterior motivo (*art. 4.1 y Anexo 1.1 .a*) y a las palabras "emblemáticos" y "notablemente" a que alude el Anexo 4.3 cuando prescribe que la dulcificación de ciertas limitaciones establecidas en la Ordenanza no serán aplicables a los "edificios de carácter singular o ubicados en zonas emblemáticas del municipio" ni a los "edificios donde la visibilidad de las instalaciones afecte notablemente al entorno".

No es la primera vez que la Sala se enfrenta a una argumentación semejante. Así, en la sentencia de 16 de julio de 2008, rec. 7790/2004 , se planteó en relación con la exigencia de utilización de la denominada mejor tecnología para que se respete el menor impacto visual y ambiental, como también para preservar la menor afección a la salud de las personas.

Y en aquella ocasión indicamos que es posible la utilización en las disposiciones reglamentarias de conceptos jurídicos indeterminados, con el límite de que su concreción sea factible en virtud de criterios lógicos, técnicos o de experiencia. Supone ésta una técnica en que, junto a las zonas de certeza positiva o negativa, se distingue un llamado "halo o zona de incertidumbre" en relación a la cual es también posible la concreción inicial por parte de la Administración y el definitivo control jurisdiccional mediante la aplicación de los criterios propios de la interpretación normativa. En definitiva supone una técnica de expresión normativa admisible en cuanto respeta en grado suficiente el principio de seguridad jurídica, pues mediante una labor de reducción de conceptos utilizados y apreciación de las circunstancias concurrentes, habitual en la técnica jurídica, puede resolverse en cada caso si concurre o no el supuesto determinante según la previsión de la Ordenanza de la procedencia o no de otorgar o no la autorización o licencia necesaria para el desarrollo, en condiciones socialmente aceptables de una determinada actividad.

Respuesta que hemos reiterado recientemente en la sentencia de 6 de abril de 2010, rec. 4450/2007 , y que hoy tenemos que hacer extensiva al resto de conceptos a que se refiere el motivo tercero de casación, que ha de ser así igualmente desestimado.



Una vez desestimados los tres primeros motivos de casación procede desestimar el cuarto motivo de casación al no ser una consecuencia obligada y por tanto procede desestimar el recurso de casación.

SEXTO.- De conformidad con lo establecido en el *artículo 139.3 de la Ley Jurisdiccional*, procede imponer las costas de este recurso de casación a la parte recurrente, y teniendo en cuenta la entidad del proceso y la dificultad del mismo señala en la cifra máxima de 3.000 euros en concepto de honorarios de la parte recurrida.

FALLAMOS

Que debemos desestimar y desestimamos el recurso de casación número **240/2007**, interpuesto por la representación procesal de "FRANCE TELECOM ESPAÑA, S.A.", contra la sentencia de veintitrés de noviembre de dos mil seis, de la Sala de lo Contencioso-Administrativo del Tribunal Superior de Justicia de la Comunidad Valenciana, Sección Segunda, recaída en los autos 1886/2002; con imposición de las costas a la recurrente, en los términos expresados en el fundamento jurídico tercero de esta sentencia.

Sexto.- Como dí o profesor González Pérez, soamente quen coñeza a vida xurídica se haxa en condicións de entender a enorme importancia do tempo no Dereito. Que unha cousa é coñocer, por exemplo, a teoría da perentoriedade dos prazos procesales e outra moi distinta vivir a angustia que supón ter que producir "**en tempo e forma**" o escrito continente ao acto procesal de parte que no concreto prazo conferido ha de ser cumplimentado.

No noso Dereito positivo o principio procesal **dies a quo non computatur in termino** aparecía expresamente recollido nos artigos 59 da Lei de Procedimento Administrativo de 18 de xullo de 1958; 59 do Decreto 1408/1966, do 2 de xuño; 71.1 do Regulamento do procedemento nas reclamacións económico-administrativas, de 1981, 58.1.3. e 4 da Lei Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa do 27 de decembro de 1957 e 303 da derogada Lei de Enxuzamento Civil.

É certo que a redacción dos artigos 52.2, 56.1 e 58.2 da Lei Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa de 1957, fixo dudar sobre a aplicación do referido principio xeral nos casos a que estos preceptos se referían. Non obstante, o Tribunal Supremo ha vido mantendo a ultranza a aplicación do mesmo, postura moi estimable en canto contribuíu a



establecer un criterio de unidade que por outra parte ten honda tradición no noso Dereito, aparecendo na **Sentenza da Sala 4ª de 30 de marzo de 1966**, consolidada esta correcta doutrina.

Hose en día aparece recollido na Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa e na Lei 1/2000, do 7 de xaneiro de enxuzamento Civil, así como na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo.

CONCLUSIÓNS

Primeiro.- Propónse admiti-las alegacións deducidas por Dn. Ricardo Rodríguez Paz e VODAFONE ESPAÑA, S.A.U. por estar presentadas en tempo e forma.

Segundo.- Inadmiti-las alegacións presentadas por Telefónica Móviles de España por extemporáneas.

Terceiro.- Desestima-las alegacións efectuadas polos motivos expostos nos Fundamentos de Dereito..

Terceiro.- Recomendase efectuar as seguintes modificacións para mellorar a redacción:

1. Artigo 12 : Onde pón “...e de actividade actividade clasificada para a instalación que se proxecte”, debería dicir : “e as preceptivas autorizacións que procedan con arranxo ao Decreto 133/2008, de 12 de xuño, de Avaliación da Incidencia Ambiental para a instalación que se proxecte.
2. Artigo 15 : Onde pón : “...para as actividades clasificadas no Decreto 133/2008...”, debería dicir : “...coas peculiaridades segundo esté ou non sometida ao Decreto 133/2008, de 12 de xuño, de Avaliación da Incidencia Ambiental”.



3. Artigo 18 : Onde pón : “De non resolverse no mencionado prazo de tres meses entenderáse desestimada a solicitude de licenza”, debería decir : “Transcurrido dito prazo sen haberse comunicado ningún acto, entenderáse outorgada por silencio administrativo, de conformidade co disposto nos artigos 43 e 44 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. En ningún caso entenderáse adquirida por silencio administrativo licenzas en contra da legislación ou planeamento urbanístico.
4. Disposición Transitoria Terceira : Onde dí : “...e licenza de actividade cualificada posterior con arranxo ao Decreto 133/2008,.....”, debería decir : “...e sometemento se procedese ao trámite previsto no Decreto 133/2008....”
5. Disposición Transitoria Terceira : Onde dí : “...co establecido no artigo 48.b) da presente Ordenanza”, debe decir : “....co establecido no artigo 20 da presente Ordenanza”.

Tal é a miña opinión que someto a outra mellor fundada en Dereito.

Toma a palabra o voceiro do P.P. Sr. Manuel Cendán: Eu non vou a rebobinar todo o debate dos anteriores portavoces, pero si deixalo claro, vendo os informes técnicos, e unha irresponsabilidade totalo quitalo do Inventario de Bens, cando foi o informe de Secretaria para o Inventario Municipal o informe do Secretario de centos de camiños o único que recomendou foi quitar un, un e así se fixo, por informe de Secretaria se mandou quitar un camiño que non era público que era privado e así, nos o levamos a efecto e así se aprobou, o Inventario de Camiños. Con respecto a este tema e vendo os informes tanto do Secretario como do técnico municipal que o asinan, o Sr. Secretario di que si o camiño ten un uso público de máis de 30 anos, e como se dixo anteriormente no informe do aparelador, que a licencia se deu no ano 1974, se non pasan máis de 30 anos apaga e vámonos, eu creo que está claro e conciso, que eso non foi a capricho no Inventario de camiños, senon que no Plan Xeral do ano 1999, eso xa estaba como camiño, no Plan Xeral que vostedes aprobaron, e no 2000 se meteu como se



meteron moitos a camiño público, en Ares pasou na Rúa Fomento un promotor que cedeu 4 ou 5 metros e non quería urbanizar e se tirou do Aval, non quería poñer as farolas e se lle tirou do aval, e tiña que ceder, eso o marca a Lei e eso e incontestable, e vir con estas milongadas a estas alturas de camiño público, porque se fai a segregación e pon este camiño, para aproveitar o solar e facer solares, o mesmo notario con fai a segregación, fai parcelas e polo camiño non polo camiño público porque daquela alí había dous chalets nada máis, entónces é para deixalo en parcelas para que poideran edificar, e eso a lei o di que ten que urbanizar, ten que poñer beirarúas e hai que poñer todos os servizos municipais, eu creo que ahí a lei non cambiou nada, este é un debate estéril, creo que nos vamos a tomar unha decisión aquí, creo que hai algún compromiso por parte da Alcaldía de quitar isto, a mín me pasa igual que o voceiro do BNG nin me vai nin me ven, pero é lamentable que se edifique ahí que se deixe edificar, que se meta no Plan Xeral, que meta no Plan Xeral, que se aprobe o Inventario de camiños, que veñan aquí agora 10 anos despois, que hai que quitalo, cando todos os camiños exactamente igual, cando eu entrei había un plan de Deputación de camiños de senderismo cando estaba Lendoiro, nos abrimos aquí 40 km de viais, 40 kms. No concello de Ares que non estamos a falar de ningunha coña, non hai nin unha sola cesión, nin unha por escrito, e abrimos 40 kms., atravesamos todo o Concello de un lado a outro, e cando abrimos en Lubre o de Campo da Aldea que ven a dar a Loureiros, atravesamos montes ahí, non había nin paso de serventío que era por riba por un monte, e se abriron camiños se falou cos veciños e deixaron, e vai dar ahí a Loureiros, estamos falando de 40 kms., atravesamos todo o concello con vías peatonais, que hoxe son públicas e están no Inventario Municipal, e menos nunha urbanización de chalets, que eso sexa privado é lamentable e vergonzoso, e a xente que presumides de defender o público aquí, vides co tema dos servizos sanitarios que todo sexa público, que público, e vades a quitar unha cousa que o pública por Lei e por Dereito e a vades a poñer privada, e que isto é alucinante, por pare do PSOE e do BNG, e que sallo deste Pleno anonadado, cando esta no inventario municipal e é unha propiedade municipal, estou anonadado ter que escoitar isto, eso está no Inventario, e vostedes aprobaron o Plan Xeral do 1999, vostede o aprobou e ahí o ten, poñen vostede un camiño público e veñen agora aquí e privado, os defensores do público, e que é de risa cando por lei calquer urbanización no solo rústico común calquer edificación que hai minto o Alcalde, ten que ceder catro metros do eixo do camiño, sexa público, sexa serventío o sexa o sexa, según a tipicación do camiño se separa 4 metros, 6 metros ou 2 metros, ese terreo que cede, esta obrigado a cedelo xa e queda como público, e menos nunha urbanización que se ve que isto foi unha segregación dunha parcela de aproveitamento para facer chalets, non diga vostede que non porque foi así. Cando se aprobou o Inventario de Camiños non houbo ningunha reclamación pero aquí estivo aberto para todo o mundo, e aquí se algunha cousa se aportou por parte da oposición, foi por parte de Suso Mayobre do BNG e de Guillermo Ares, e os que máis aportacións fixeron para meter camiños públicos foron eses dous, e aquí non houbo ningún tipo de deixar ningún camiño fora o único que se quitou e así consta no informe do Sr. Secretario, foi un camiño en Lubre, que mandou quitalo o Sr. Secretario porque eso non se correspondía para metelo en público, e así



cumprimos co informe de Secretaria, e a min me parece lamentable que despois de 10 anos se veña con esto aquí, e menos polos defensores do público, eu digo que todo esto se vai a ganar no Xulgado porque esta claro, cando aporte a licenza municipal, lle van a dicir mire vostede xa o tiña que ter cedido o Concello, e porque o Concello non fixera cumprir a normativa porque daquela os Concellos eran tercer mundistas, no ano setenta e pico non tiña medios, ou tiña un traballador ou dous, non se obrigaba a facer as cesións, pero no século vinteun eso non, eso non, esa cesión tiña que estar feita, e hai outra cousa, que aquí houbo bastantes conflitos, cando nunha parcela edifican, e un edifica o límite da parcela sen autorización do colindante, automaticamente aínda que persoa non dera autorización ten dereito de arrimar porque el o fixo, eso é así, isto é igual, este señor no seu día tiña que facer a cesión, non a fixo, a ten que facer e eso é camiño público en toda regra, porque ademais esta así, a mín non me moven nin uns nin outros, porque eu cando aprobei o Inventario de Camiños se meteu público, o Plan Xeral eu non o aprobei, e non se sabía que ía a vivir alí nin moito menos, e eso foi aprobado no ano 2000 e esas casas teñen licenza do ano 2006 ou 2007, e creo que eso hoxe e que o defenda a esquerda que queredes todo público.

Interven o Sr. Alcalde: Aquí parece mentira que alguen queira dar leccións cunha ignorancia supina, que non ten nin idea do que esta a falar, cando se pinta no Plan de Urbanismo un terreo de equipamento ou unha casa, logo para que eso se traslade á realidade hai que comprar, eu xa podo pintar en terreos particulares, equipamento para colexio, que mentres non os compre non podo executar o equipamento para colexio, no plan de Urbanismo nese serventío, se plasmaría a aspiración de que algún día fose público, e eu non digo que no Plan de Urbanismo do ano 1999, que votou o voceiro do BNG como dí aquí o voceiro do PP, se aspirara a que eso algún día fora camiño público, pero para selo non basta con aprobar o Plan, logo hai que comprar, expropiar o que te cedan, no Plan xa pode vir pintado misa, en consecuencia non nos veña dicir que estamos a renunciar a algo público porque no Plan de Urbanismo o votamos e xa estaba así titulado, e plan de urbanismo non é título de adquisición, eu non lle podo pintar a ninguén no Plan de Urbanismo unha parcela para piscina, e o día seguinte ir a poñer a piscina, senon lle compro a parcela, entón non confundamos eso non é público, foi catalogado con defectos, e hai unha nulidade absoluta, e o Plan se aspira a que sexa público, e o Plan por desgracia non o temos non porque o PSOE e o Bloque non o defenderamos, aquí todos sabemos porque se anulou o Plan de Urbanismo, pois anulado ese Plan de Urbanismo que a Cendán tanto lle gusta e tanto exhibe, e que efectivamente logo non deu nin un peso para defendelo e así estamos hoxe, e a situación que hai como dixo o portavoz do BNG e que queremos que mañán, no Plan de Urbanismo se poña como público, teremos que entendernos cos propietarios, entón os defensores do público, defendemos o que é público, o que é robado, hurtado, incautado, decomisado, o artigo 33 da Constitución Española garantiza a propiedade privada, e parece mentira que a ti que te gusta tanto loxicamente o neoliberalismo e a dereita non defendas a propiedade privada, eso é o que ten memoles, que ti defendas a incautación dunha propiedade privada, co fácil que é decirlle os propietarios, a cedes, a compro, a expropiamos ou se hai un uso inmemorial, pois demostrar ese uso



inmemorial, e que eu non sei cantos de aquí atravesamos ese camiño tantas veces o longo da nosa vida, eu non pisei ese camiño na miña vida, e cando era neno nunca fun en bicicleta por el, e ía en bicicleta por todos, haber cantos dos que estamos aquí me poden dicir que transitaron por ese camiño de maneira libre e toda a vida, ou é que aquí efectivamente non nos coñecemos todos, ese camiño tivo sempre un portalon.

Toma a palabra o voceiro de NAL SR. Luis Cendán Fernández: En primer lugar como dixen antes dicir que esto non é opinable, eu digo que a lei de aplicación na primeira licenza dice que ten que ter camiño público, o di a lei, e para ese solo califica eso, non é solo rústico, e o técnico municipal que emite o informe di que ese camiño tiña que haber sido cedido, polo tanto a usurpación é o revés, se está usurpando un camiño público que no seu momento se debeu ceder ós cidadáns de Ares, non ó revés, digamos as cousas claras, e despois dicir ou querer que eu non estou por nin a nin b, e antes os datos que expoño aquí que son oficiais que son de aplicación rigurosa da Lei, feitos por un técnico, non como trata o Sr. Alcalde de confundir coa terminoloxía xurista que parece que a coñece, darnos voltas a algo que é tan sencillo de que a aplicación da Lei nese momento do solo polo cal se solicita licenza para unha casa unifamiliar, na Lei do Solo do ano 1956 que era a que lle correspondía á licenza do ano 1974 ese señor tiña que ter cedido o terreo e feito, e o mesmo pasa coa do ano 1981, son as normas do ano 1978 e sen camiño público non se pode construír nin por entón nin hoxe mesmo, premisa imprescindible para edificar polo tanto non estamos falando de usurpación de solo, ese solo é do Concello de Ares, porque o marca a lei para poder edificar, e a segregación dos solares se fai con posterioridade, á adquisición da licenza, outra ilegalidade e sen permiso, son moitas irregularidades, e lle respostou ó do Bloque que di que non ven a denunciar aquí, bueno era o que me faltaba, estamos falando de cumprimento da Lei non de saltala á torera, e aínda por riba reclamar a propiedade, xa non é que a licenza se legalice ou non, senón usurpar unha licenza por dereito propio ó concello, despois conceder o uso privado a sabiendas que esta inventariado, o peche cun portalon cun brazo mecánico, e para máis inri un vao, a reserva de aparcamento, polo tanto estamos a falar de moitas irregularidades, e si é que non hai ningún interese en defender a unha parte non o parece desde logo, eu si que estou interesado, eso é solo público, e si esa señora ve que ten dereito a tal, á via contenciosa, agora o que me parece unha incongruencia é quitar este camiño do catálogo de camiños, detrás deste camiño seguramente hai 50 máis na mesma situación, entón se somos coherentes con esta proposta diremos tiremos o Inventario Público e todos os camiños que están nesta situación os tiramos a baixo, esta é a situación coherente e non neste caso concreto vamos a quitar o camiño cos antecedentes que ten, claro que é moi importante os antecedentes, estamos falando dun funcionario público que emite un informe, onde hai unha ilegalidade manifiesta, unha non moitísima, e o transcribe e o asina, non estamos falando dunha cousa opinable, estamos falando da aplicación da Lei que a fai constar nun informe, entón non estamos falando de ningunha cousa, e si se equivoca e non ten idea é o funcionario, haberá que tomar medidas, e en cunto ó inventario podemos estar dandolle voltas e seguramente non se fixo como se tiña que facer, pero eu creo que tocar este tema



agora mesmo, non vai a ser nada positivo para a situación do Concello, polo tanto estos se teñan dereito que eu non lle quero abordar aquí ningún dereito a ninguén, teñen a vía xudicial para acudir e se se lles da a razón nada máis, por sentenza xudicial que ó mellor anula o inventario, ó mellor a mesma sentenza anula todo que sería o lóxico en caso de anular, non un camiño concreto en particular como é este, e ademais deste camiño hai no inventario 50 camiños máis propostos por todo o mundo e non deron este debate, polo tanto aquí de que non hai intereses non o parece, estamos falando de cousas gravísimas, non estamos falando dunha opinión, estamos falando dunha edificación de dous solares ilegalmente e aínda por riba tiñan a obriga de facer os servizos públicos e non se fixeron, e agora reclaman o camiño de serventío.

Toma a palabra o voceiro do BNG Sr. Rodríguez Doval: Eu quería pedir un pouco de tranquilidade, xa sei que as temperaturas están moi altas, e as eleccións están moi próximas, tiñamos un pouquiño de tranquilidade cando debatimos neste Concello a ninguén lle debe sorprender nada sobre as posturas que tomamos aquí todos os grupos políticos, eu creo que o noso grupo se por algo se caracterizou é por facerse responsable do que fai, das cousas boas e tamén das cousas malas, e non sempre se fan as cousas ben, a min o debate desa ilegalidade do que está tan preocupado, que por certo non é o debate deste punto na orde do día, porque senón eu animo ó portavoz de NAL a que presente unha Moción na que poña en cuestión o otorgamento das licencias e a legalidade das licencias que se concederon a estas dúas persoas, vostede está dicindo que non ten nada que ver con ninguén, eu estou dicindo que non estou nese debate, porque si estivera nese debate me colocaría nunha posición determinada, que é cal foi o primeiro que o fixo mal, pois lle vou a dicir unha cousa, urbanísticamente ata que tivemos un Plan no ano 1999 seguramente se fixo todo moi mal, por eso algúns nos deixamos moito incluso fisicamente en facer o Plan do ano 1999, e por eso vostedes se afanaron tanto en cargarse o Plan do 1999, e estarán moi contentos coa situación que temos agora, claro porque nunha corporación que non ten maioría poderían vostedes unirse e facer outro Plan e non o fan, pero eu non veño a falar deso, como me nego tamen a falar da outra parte de se cumpre ou non cumpre, de si ese señor cando se lle deu a licenza cumpre ou non cumpre, aquí o problema que temos, non hai prexulgar a intencionalidade da xente que ven, eu non a prexulgo, e así levo perdóneseme a expresión hostías por todos os lados, pero non me interesa prexulgar se a razón é dos que construíron no 74, ou dos que construíron no 2003, a mín non me interesa ese debate, a mín me interesa que eu fun copartícipe dunha decisión que foi, elaborar un inventario de bens municipais, e que neste momento se me indica que a forma en que se fixo eso sobre un camiño determinado non foi a correcta, eu que quere que lle diga que son superman, como non teño por costume ir contra vento e marea, pensando que gano as sentenzas, como non teño esa capacidade, vou a tomar a decisión que nos parece máis correcta como grupo aínda que sexa das últimas cousas que faga nesta corporación, que seguramente pode non sela e que seguramente pode ter unha sentenza contraria, fisexe o que lle estou dicindo, eu intento ser consecuente, por ahí e polo que eu dixen que non tiña compromiso con ningunha das dúas



partes, teño compromiso cunha votación na que nos participamos, e con algo que está evidente, por outro lado eu que non son “el del Bloque”, teño nome e apelidos, e as veces pola forma en que se dín as cousas, empeza a concepción do respecto, cando a un se lle chama “el del bloque” “el del PSOE” o “la del PP” xa estamos falando de cousas, pero eu aínda non estou nesa fase, estou na fase de utilizar un pouco a cabeza, eu anuncio que non vai haber unha cascada de reclamacións, porque casos como este eu non coñezo ningún, habera moitos casos que cederon e non deixaron papeis, pero casos como este ningún, son casos diferentes, aquí todos estivemos gobernando, negociamos e falamos, esto é unha chamada a atención e a responsabilidade para saber que en casos como este temos que facer as cousas ben. Igual vostedes cando anuncian que vai a vir unha cascada de reclamacións que os que cederon no Camiño de Pedrachá, que reclamen os camiños, eso non vai a pasar, e máis casi poden afirmar eu, e outra vez me meto onde non me chaman que eso non se vai a producir, aquí o que estamos dilucidando é un camiño metido no Inventario no ano 2002 que non se reclamou e agora se reclama, e que se fai un informe sobre si esta legalmente ou non legalmente incluído no inventario de bens municipais, e nos nos pronunciamos polo que nos dí o informe de Secretaria, a mín os outros temas me importan, pero non me importan para condicionarme a posición, porque aquí vivimos nun pobo onde as veces pides unha licenza, pides unha cousa, e xa en función do color político que teñas sabes si che van a dicir que si ou que non, entón como fixen eso cando eu non era Alcalde e caro me costou, tampouco o vou a facer agora que xa non son nin vou a ser Alcalde máis, a valentía das cousas as veces é non sentirse presionado, e eu non me sinto presionado, e mantiven unha posición o 30 de marzo e manteño unha posición agora que por certo é a mesma, e non sei o portavoz do P.P. lle chama tanto a atención e di que o Pleno vai a ser histórico, lea vostede a acta do día 30, e xa verá o que dicía eu, o mesmo que digo hoxe, cao diferencia que o día 30 non había informe técnico, nin había o informe de Secretaria e hoxe si que o hai, que era o que reclamábamos nos, e xa pode ser discutible de si o pronunciamento que tomamos como BNG e correcto ou non, eu non me atrevo a dicir que vostedes están vendidos a outra parte, pois o único que lles pido e que non nos diga que nos estamos vendidos a unha parte, cada un esta vendido a seu pai e súa nai.

Toma a palabra o voceiro do P.P. Sr. Manuel Cendán: No informe do Sr. Secretario di que en tanto en cuanto non se acredite documentalmente a cesión ós efectos de determinar si se produxo unha prescripción adquisitiva é necesario que polos servizos técnicos municipais e a policía local por averiguacións de ancianos do lugar, determinen se dito ben ha sido destinado como ben de dominio público de forma notoria e continuada para calificar o citado ben de vía pública, e fala de vía pública de 30 anos, e os 30 anos esta no ano 74, o Secretario fixo o informe cando se aprobou o inventario de Camiños cun informe técnico por parte do Secretario e por parte do Técnico Municipal, e o Técnico Municipal que investigou e fixo todo anteriormente, dice polo especificado con anterioridade debería ter cedido os terreos adicados a vías correspondentes a solo urbano para a obtención da correspondente licenza urbanística, do indagado ó respecto non consta nas dependencias dos servizos urbanísticos



documento algún de cesión, o aparelador xa di que eso tiña que estar cedido e que non consta en ningún lado. Con respecto ó Inventario de Camiños eu non quedo por un nin quedo por outro, a mín esto non me va nin me ven, o Plan Xeral aprobou esto, e para darlle eficiencia, no Plan Xeral como estos había coarenta ou cincuenta, porque se fixo o Inventario de Camiños porque había moitas propiedades, e dicir aquí que se nos trata de ignorantes, as adquisicións se poden facer por compra, por donación e por manifestación, se non hai escrituras e por manifestación dalgunha xente se fan as compras, e aquí neste Concello se fixeron moitas por manifestación, o Notario escritura por manifestación. A min ninguén me veu a falar de deixalo público ou privado, nin presión dun lado, nin presión de outro, eu cando entrei de Alcalde no ano 1999, había un chalet e o outro en obras, era solar total e absoluto, non había ningunha edificación, e quero dicir que no Plan Urbanístico do 99 eso era urbano, solo urbano catalogado en 6C, sabe o que significa o 6C, se vostede aprobou o Plan Xeral sabe que había 6A, 6B e 6C, 6A 275 metros parcela mínima, 6B 500 metros, e 6C 700 metros, para poder edificar. Houbo que escriturar moitísimas cousas neste Concello, cando eu estiven de Alcalde, porque non había, e se escrituraron e se fixo o Inventario de Camiños, temos unha referencia, pode ter algún defecto que o pode ter, pero eso estivo aberto para todo o mundo, para todos os grupos municipais, todo o mundo aportou e ahí esta, e viu este conflito aquí, e traer esto aquí non sei a que ven, porque hai uns intereses, cando os informes dos técnicos que veñen hoxe aquí non dí que se teña que quitar, eso é mentira, vostedes van a tomar unha decisión polo informe do Sr. Secretario, o informe do Sr. Secretario non di eso, o que esta a dicir vostede, esta dicindo que se faga pola policía local e polos técnicos municipais unha inspección, e non o dixó no seu día cando fixo o informe técnico, que estaba ben e o único que había que excluir era un camiño, e se quitou o camiño que dixó o Secretario, e con posterioridade foi dun anterior concelleiro do PSOE que foi afectado e houbo unhas reclamacións ahí que foi en Lubre, de centos e centos de camiños non houbo nada máis, vostedes fagan o que queiran, nos tomamos a decisión que eso é público e vamos a defendelo, e unha batalla perdida de que esto sexa privado, porque ahí fai un par de anos ou tres anos, houbo unha cesión estivo privado enfrente había un camiño que tamén, o final cando tiveron un problema de alcantarillado viñeron a atender ó Concello como fan todos, cando teñen un problema que se faga cargo o Concello, mentras non o teñan lle poñemos o portal, como pasou enfrente cando tiveron un problema de atasco acudiron o Concello e asinaron que o cedían ó Concello, e ese camiño no futuro o sabedes todos que vai a ser público, eu non sei se o levaron ou non ó contencioso, pero ese camiño vai a ser público no futuro, e é un paso atrás, o que estamos facendo hoxe e dar un paso atrás, porque os mesmos propietarios cando teñan un problema van a reclamar que se faga cargo o Concello, todo o que sexan camiños teñen que estar rexidos polo Concello, e esta é unha vía que da a catro ou cinco chalets e ese camiño ten que ser público.

Rematado o debate sometese a votación a Resolución Alegación ao Inventario de Camiño en Os Castros, e o Pleno da Corporación por 7 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 2 BNG) 4 votos en contra (3P.P. e 1 NAL) e 1 abstención do Concelleiro non Adscrito Sr. Echevarria Lage,



acorda prestarlle a prestarlle a súa aprobación a Alegación, en consecuencia de inmediato se procederá a cancelar a anotación dese camiño no Catalogo de Bens Municipais.

PUNTO NÚM. 13.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA PRESIDENCIA DENDE A CELEBRACIÓN DA ANTERIOR SESIÓN ORDINARIA.-

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adptadas pola mesma dende acelebracion da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos de control e fiscalización dos órganos previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/985 de 2 de abril.

O Concello Pleno dase por enterado.

PUNTO NÚM. 14.- MOCIÓNS E PROPOSTAS.

a) Moción PROPOSTA POR GALICIA SEN TOURADAS: “Moción de rexeitamento ás corridas de touros e para que ARES chegue a ser cidade amiga dos animais.

Dada conta da moción arriba epigrafiada do seguinte teor literal:

Ante as mocións aprobada por 73 Concellos de Cataluña, Euskadi, Asturias e Illas Baleares. E a entrada a debate da Iniciativa Lexislativa Popular para a abolición da tauromaquia, no Parlament de Cataluña.

Xa que entendemos que nunha nación que acolle un Fórum das Culturas e Exposicións Universais é unha incoherencia que convivan a cultura e a tortura e a morte como forma de diversión, aínda que respondan a unha tradición enraizada dende faí séculos.

Xa que entendemos que temos que avanzar nos dereitos dos animais, para evitarles sufrimento inútil e menos por diversión, recordando a trase de Gandhi “Un país, unha civilización pódese vulgar pola forma en como trata aos seus animais”.

E por iso que propomos:

Primeiro.- Manifestar o apoio do Concello de Ares á declaración de principios que se expón na lei de protección dos animais 1/93, do 14 de abril, a cal considera os animais como organismos dotados de sensibilidade física e psíquica e, polo tanto, suxeitos a gozar ou sufrir.

Segundo.- Que Ares declárese cidade contraria ás corridas de touros e amiga dos animais.

Terceiro.- Que o Concello de Ares non sexa cómplice dun espectáculo cruel como o das corridas de touros nin de ningún outro espectáculo onde se torture a animais.



Cuarto.- Que o Concello de ARES non permita os anuncios nos medios públicos municipais de corridas de touros nin de ningún outro espectáculo que produza a morte e/ou a dor a animais e que, tamén, téñase en conta esta moción cando se regule a publicidade en espazos públicos.

Quinto.- Instar á Xunta de Galicia a prohibir as corridas de touros e todos aqueles espectáculos onde se produza a morte ou a tortura dun animal.

Sexto.- Facer chegar este acordó á Xunta de Galicia, á plataforma Galicia, Mellor Sen Touradas e aos partidos políticos presentes no Parlamento de Galicia.

Sétimo.- Publicitar estes acordos a través dos medios públicos municipais.”

O Sr. Alcalde manifesta que é unha Moción que presentan os veciños en consecuencia os cidadáns, e remitirona ó Concello e en consecuencia o Concello procede a tela en conta, porque trátase dun debate que nestes momentos ten a súa actualidade, en consecuencia aceptase e inclúese hoxe no punto de Mocions. A moción propón unha serie de puntos, empeza cunha exposición de motivos, dando seguidamente lectura ós sete puntos da proposta de acordo. Pedindo por parte dos voceiros unha rápida intervención para a fixación da súa postura.

Interven o voceiro de NAL Sr. Luis Cendán: Dico que estamos de acordo na protección dos animais e neste caso tamén, pero entendemos que detrás da defensa dos animais, hai outro tipo de cuestións outro tipo de asunto de trasfondo político que sabemos que move todo isto, eu non digo que os representantes e os responsables de presentar a Moción que o único interés que teñen é a protección dos animais, pero aquí se sabe que no debate político se están introducindo outro tipo de cuestións que son as importantes desde o punto de vista político, polo tanto polas razón que acabo de dicir vamos a votar que non á proposta.

Interven o concelleiro non adscrito Sr. Echevarría Lage, non podéndose transcribir a súa intervención por non escoitarse, a súa posición vai ser en contra da Moción.

Toma a palabra o voceiro do B.N.G. Sr. Rodríguez Doval: Primeiro un apunte xeográfico non o goberno de Canarias decideu no ano 1991 prohibir as touradas e as Illas Canarias non están separadas por ese acordo, España non se rompe por isto, e curioso que se achegue unha proposta que ven presentada por un Sr. e unha Señora que teñen nome e apelidos que son membros dun colectivo, a un debate identitario tal que aquí eu non o vexo máis que nunha das partes curiosamente na parte que non presenta a proposta, as Canarias tomou este acordo e non pasou absolutamente nada, e Cataluña non se vai a romper, non se vai a independizar nin se vai a fundir nin aparecer unha especie de foso ahí de división co resto do Estado Español polo acordo que tome, eu creo que a Moción e tan sinxela como entender que ata onde ten que chegar o espectáculo, incluso cousas que



tradicionalmente consideramos como tradicións, e ata onde o mundo avanza e vai corrixindo situacións e actuacións humanas que se produciron no seu momento que obedecen a outros tempos, pois dicía a escravitude que noutro tempo estaba consentida, incluso financiada ou promovida desde os gobernos, somos seres humanos situados no século vinteun, se entenderá que nas cousas que forman parte deso que se denomina tradición, pois hai cousas que con asumibles e cousas que non, eu simplemente me vou a centrar simplemente no que a mín e ó noso grupo lle interesa que é do que aquí estamos falando que é a utilización do sufrimento dun animal para crear un espectáculo, eu xa sei que e difícil defender esto cando se fai espectáculo coa execución de persoas, a CNN retransmite guerras en directo, xa nese punto de desmadre de desbarre estamos, que a cidadanía a civilización en lugar de ir camiñando corrixindo o que estaba facendo mal, se empeña as veces en facer mal outras cousas, entonces converter tamén en espectáculo o linchamento de persoas, os que estamos aínda pola utopía do sentido común pensamos que isto é correxible, en todo caso efectivamente é certo, eu agardo que isto que nos fan polas festas desde o ano pasado ata este ano que non se convirta nun rolo con touros de verdade, que siga a coña do chinito de Ares, que siga a coña e que nunca se convirta nunha cuestión con animais, non forma parte da tradición, non hai necesidade ningunha e temos tradicións e capacidade para converter calquera outra cousa moito máis productiva nun espectáculo incluso pasalo ben todo o mundo, non á costa duns de reírse de outros, nese sentido nos vamos a votar favorablemente á proposta que se fai aquí, é unha proposta bastante clara, quizá no caso de Galicia son poucos creo que son catro os Concellos que iniciaron a adopción deste acordo, penso que ten un valor simbolico porque introduce un debate moi interesante que é o debate sobre a utilización dos animais para espectáculo e sobre todo a morte dos animais para espectáculo, o debate é xustamente ese e dicir dariame igual que viñera aquí se o que estivera de moda foran as pelexas galos, estaríamos diante do mesmo debate, e creo que ademáis a Moción e clara no sentido de ir moito máis ala que as touradas, e simplemente que o que si quería dicir e que voto en falta que neste aspecto, que a cidadanía ten certo despiste porque ven que en algún concello se vota en contra das touradas e no Concello do lado se pon de diñeiro para financiarlas, en todo caso quen teña a contradicción que a resolva, creo que nos non a temos e esta petición que fan uns cidadáns que están a facer un traballo desde hai bastante tempo desde o noso punto de vista moi importane a respecto dos dereitos dos animais, pois que e total e absolutamente asumible, e que o outro e debate doutra moción, e dicir o tema identitario, o acordó do Parlamento Catalán, eu o único que vin é unha sociedade moi sensata unha sociedade moi madura, que ata chegou casi casi a superarse a si mesma cando decidiu en alguns partidos a dar liberdade de voto, fixadevos ata que punto e unha sociedade madura e que non pasa absolutamente nada non. Nos vamos a votar a favor moitas grazas.

Toma a palabra o Voceiro do Partido Popular Sr. Manuel Cendán: Eu vou a coincidir con algunhas manifestacións que se fixeron aquí, eu non son unha persoa que este en contra



dos animais e que se fagan salvaxadas pero sí que a realidade que neste país hai unha cultura hacia eso, que agora políticamente se interesa abrir este debate e traelo aquí, como se dixo anteriormente, a min xa me sona mal porque estou ven aquí o da Plataforma Galicia, a mín esto das Plataformas xa me sona a outras cousas, creo que se veñen aquí a prohibir cousas nun país democrático, nos estamos pola liberdade das persoas e cada un que vexa o que queira e que faga o que lle de a gana, entonces vamos a defender a liberdade, esto é un debate político que interesa neste momento, se abreu en Cataluña, e como xa dixen antes esto de Plataforma Galicia me sona, este e un dos poucos Concellos que se ven a debatir esto en Galicia, en Galicia de 315 Concellos solamente celebra touradas un, eso é o que hai, nos vamos a votar en contra desto e non vamos a entrar máis no debate porque sabemos que hai un trasfondo político.

Rematado o debate sometese a votación o asunto e o Pleno da Corporación por 5 votos en contra (3 P.P., 1 NAL e 1 do Concelleiro non Adscrito) 4 votos a favor (2 BNG e 2 do PsdeG- PSOE – Sr. García Prego e Sra. Fernández Coira) e 3 abstención (3 PSdeG-PSOE – Sr. Alcalde-Presidente, Sra. Montenegro Paz e Sr. Ferreiro Montenegro), acorda rechaza-la Moción.

B) Moción do P.P.

Dase conta da Moción do Grupo Popular do seguinte teor literal:

MOCION SOBRE EL REAL DECRETO DEL CARBON.

El Grupo Municipal Popular, al amparo de lo dispuesto en los artículos 91.4 e 97 del Reglamento de Organización, Funcionamiento e Régimen Jurídico de las Entidades Locales presenta ante el Pleno de la Corporación Municipal esta **MOCION** con base en los motivos y consideraciones desarrolladas en la siguiente:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

El pasado mes de febrero, el Gobierno Central aprobó un real Decreto para primar el consumo de carbón nacional, una medida de dudosa legalidad por vulnerar la normativa Comunitaria, así fue reconocido por solventes informes emitidos por la Comisión Nacional de la Energía y por la Comisión Nacional de la Competencia.

Con todo ello, este Real Decreto, fue publicado por el B.O.E., no logrando entrar en vigor por estar condicionada su vigencia al pronunciamiento de la Comisión Europea sobre su compatibilidad con la normativa comunitaria.



El Gobierno Gallego manifestó su negativa al mismo en la Comisión Nacional de la Energía, llegando a pedir en el pleno del Consejo Consultivo de Hidrocarburos su derogación expresa.

El real decreto, pendiente de su revisión por la Unión Europea, podría ser aprobado definitivamente este mismo mes, ya que el Gobierno del Estado pretende que este pronunciamiento de la Comisión Europea se produzca sin que sean escuchas las partes afectadas y perjudicados, por lo que el Gobierno de Galicia ha solicitado formalmente al Vice-Presidente de la Comisión Europea la incoación del procedimiento formal de investigación con arreglo al artículo 108.2 del Tratado de Funcionamiento de la Unión Europea, al efecto que antes de que la Comisión tome unha decisión escuche a los afectados.

En el supuesto que esta normativa estatal entrar en vigor tendría una clara consecuencia, la condena de buena parte del sector energético gallego, especialmente de las centrales térmicas de Meirama y As Pontes, y los ciclos combinados de As Pontes y de Sabón.

Esta condena traerá como consecuencia una seria amenaza para la pervivencia de 2.000 puestos de trabajo para las comarcas de As Pontes y Cerceda.

Ademas, el “efecto domino” de dicha medida perjudicará las actividades portuarias de A Coruña y Ferrol, las cuales dependen en gran medida de las descargas de carbón importado.

Al primar el carbón nacional, cuyas explotaciones han sido consideradas ya ineficientes por no ser rentables por todo el sector energético español, se discriminará de forma notable a aquellas industrias que apostaron por la innovación tecnológica mediante inversiones que posibilitaron sustituir la quema de lignito por la hulla de importación, más barata pero, sobre todo, menos contaminante.

El Gobierno español, que en los últimos años destinó 6.000 millones de euros a primar el consumo de carbón contaminante al mismo tiempo que decía apostar por las energías limpias, pretende ahora subvencionar con entre 400 y 600 millones de euros al año la compra de carbón autóctono, una materia prima ya desechada por el sector energético gallego.

La importación de hulla, por el contrario, no sólo genera una mayor eficiencia energética, sino que abarata los costes de producción y da empleo a cientos de personas en los puertos de A Coruña y Ferrol, a la flota de transportes por camión y, especialmente, a las plantillas de producción y mantenimiento de las centrales térmicas de As Pontes y Meirama, que sustentas buena parte de las economías locales de As Pontes y Cerceda.



De hecho, la aplicación del real decreto supondrá la inmediata parada por cese de actividad de las centrales de Meirama y As Pontes, a pesar de ser mas competitivas que otras industrias similares que en otras comunidades autónomas utilizarán carbón subvencionado con impuestos de todos los gallegos.

La Planta de Meirama, en la que se invirtieron 120 millones de euros para reducir un 80% la emisión de partículas, rebajar un 90% la emisión de azufre y un 20% de dióxido de carbono general el 16% de la electricidad de Galicia, pero su continuidad depende de la anulación de este real decreto.

La decisión del Gobierno central tendrá también un incuestionable impacto negativo en el puerto de Ferrol, en la actividad de Reganosa y en los ciclos combinados de producción energética, además de dejar en suspenso los 440 millones de euros previstos para desarrollar el plan gasístico de Galicia mediante la construcción del gaseoducto Guitiriz-Madrid para duplicar la producción de la planta de Mugarodos.

PROPOSTA DE ACORDOS:

PRIMERO: La Corporación Municipal de Ares acuerda por unanimidad transmitir al Gobierno central su absoluto rechazo del contenido del Real Decreto que prima el carbón nacional, por las nefastas consecuencias que su aplicación tendrá para la economía gallega y, en especial, el empleo en este municipio.

SEGUNDO: Que se de traslado de este acuerdo al Presidente del Gobierno, a los portavoces parlamentarios en las Cortes, al Presidente de la Xunta y al Parlamento de Galicia.”

Toma a palabra o Voceiro do P.P. Sr. Manuel Cendán Fernández: Eu quero resumir, hai bastante información por parte de todos os Grupos Politicos e dos medios de comunicación, dicir que o pasado mes de Febreiro por parte do Goberno aprobouse o Real Decreto que esta en Europa e aínda non entrou en vigor, pero si deixar claro que nos o que corresponde a Galicia coas dúas plantas de As Pontes e de Cerceda, dicir que hai un prexuízo considerable porque estas dúas plantas se modernizaron e se prepararon porque para a adaptación do carbón que ven de fora porque era moito máis económico tiña maior poder calorífico e tiña menos azufre e menos dano á poboación, antes de vir este carbón todos recordamos as desfeitas que facía o azufre de As Pontes, e eso creo que queda claro que houbo que adaptalo, e dicir que hai o tema combinado como pode ser a planta de gas de Mugarodos, que Endesa preparou tamén o plan combinado, e que conleva nesta comarca a estas zonas en 2000 postos de traballo, leva consigo tamén a perda do transporte a maiores temos que dicir un problema engadido que tanto se está loitando polo Porto Exterior de Ferrol, e se isto non se leva a efecto teremos unha preocupación bastante considerable de que se perda o tren ó porto, e creo que unha vez máis a comarca



de Ferrol non so As Pontes, que ten outras actividades económicas como poden ser os Talleres, gasolineras, os transportes, e que nos non podemos deixar pasar de que este Decreto, eu creo que non que non se fixo con malicia, pero se pensou que con subvencionar o carbón nacional, sería mellor e sería potenciar unha zona, unha Comarca pero non se sopesou as consecuencias negativas que podía ter tanto para a cidadanía como para outras comarcas, creo que agora volver atrás, a preparación dos ciclos en As Pontes das catro terminais, a preparación costou de 300 a 400 millóns de euros, adaptalas ó carbón importado e creo que volver a isto, conlevaría a tener que volver a facer obra e que Endesa non vai a perder estes 300 millóns de euros, esto se vai a negociar a nivel nacional Endesa non vai a perder estes cartos, pero ó final vai a repercutir no recibo da luz de todos os cidadáns, eu creo que isto o temos que parar nos aquí o traemos para que o Pleno tome un acordo e esa é a aportación que eu podo traer aquí, por parte da Xunta de Galicia se vai a loitar ata a última gota en levar todos os recursos, e máis dicir que hai varios informes por parte do Consello de Estado e do Consello Consultivo de que eso non se axusta á legalidade, creo que hai varios informes negativos e nos o que vamos a dicir e queremos o apoio de todos, é defender xa non soamente a nivel galego senón tamén a comarca de Ferrol que bastantes paos levou, estar todos unidos e facerlle chegar esto o Presidente do Goberno que isto é unha consecuencia negativa para Galicia, dando seguidamente lectura á proposta de acordo.

Toma a palabra o Voceiro de NAL Sr. Luis Cendán Fernández: Simplemente dicir que o meu voto vai a ser favorable, que a situación na nosa opinión foi un pouco precipitada, entendemos que é co ánimo seguramente da situación de crise como na cuenca mineira española estaba sendo subvencionada e estaba tendo unhas perdas, o goberno tratando de solucionar un problema pois xenera outro, entón hai a controversia agora, as posicións encontradas, co prexuízo clarísimo para Galicia, neste caso e sobre todo a este Concello, o que lles debe interesar seguramente vai a estar prexudicado porque hai xente que está convivindo aquí que este tipo de medidas, se non están na Central que algúns están, outros medios de comunicación transporte e outro tipo de Industrias, e autónomos que isto pode repercutir, a razón máis importante eu creo que é a económica, é unha situación que cremos que vai a traer unhas connotacións a maiores das que están xenerando nestes momentos vai a ser máis do que incluso se esta preevendo pola xente que non esta de acordo con este Decreto e ademais tamén é importantísimo resaltar o tema ambiental, porque si nos obrigan a utilizar o carbón nacional sabemos as consecuencias que trae para isto, porque ademais a postura e a coherencia do goberno se ve en entredito porque precisamente porque hai uns anos mandan cambiar eso porque non era rentable e contaminante e agora volvemos a dar un paso atrás, polo tanto non me quero estender moitísimo máis na exposición, o meu voto vai a ser favorable.

Interven o Voceiro do BNG Sr. Rodríguez Doval: É certo que esta proposta parte dunha valoración que se fai sobre unha decisión que ten tomada o Goberno Central, que xa se



expuso algo aquí, eu diría máis, eu engadiríalle a profunda inxustiza, que non é inxustiza senón que é unha decisión política meditada, polo tanto quen a toma tera que ser responsable do que supón, e despois de pasarnos dez anos adaptando unhas industrias para cumprir os requisitos da Unión Europea, para facer unha industria menos contaminante, este é un caso similar ós agricultores, os gandeiros do sector do leite que cando foron a Suíza a traballar para facer unhas pesetas para montar as granxas según a normativa que lle pedía a Unión Europea montaron a granxa e despois viñeron as cuotas do leite e non puideron producir, pois este é un caso parecido, pero é un caso que chama poderosamente a atención que é que isto vai a estar financiado con cartos públicos, e curioso como que un goberno se nega a que se fale do levantamento do veto a antiga ASTANO, pero podemos subvencionar un carbón que se denomina Nacional que é máis contaminante e ademais vai a ser inviable no sistema de produción para o que están adaptadas tanto As Pontes como Meirama, ese tema é certo, e tamén é certo que sabemos de onde ven a decisión política, pero hai unha segunda parte que non se comenta aquí non, os do Partido Popular intentan ocultar algo moi importante que é que están facendo eles desde a Xunta de Galicia, entón hai un informe da Comisión Nacional de Enerxía, informe núm 29 do ano 2009, onde todas as Comunidades tiveron participación tiveron voz e voto na decisión sobre esta proposta que se deu a coñecer hai un par de meses, curiosamente dentro das comunidades que opinaron e que se manifestaron en contra destas previsións so figuraba a Comunidade Autónoma de Cataluña non, silencio do Partido Popular, entón claro a primeira cousa que chama a atención, o Partido Popular se apunta a darlle estopa ó PSOE e se cambia o aire tamen, hai que ser críticos politicamente con quen toma as decisións cando non son correctas, pero hai que ter unha decisión no que a un lle incumbe que ten que ser exemplar, polo tanto o goberno galego o que non ten que facer e chorar, e dicir primeiro opinar onde ten que opinar, e para empezar xa non o fixo, e o máis chamativo e que hai exactamente nove días, o Parlamento Español, cando se votaron as resolucións do debate do Estado houbo unha proposta que presentou o Bloque Nacionalista Galego precisamente sobre este tema, proposta do que eu sei e sei bastante estaba en principio apalabrado de que ía a ter o apoio do Partido Popular, curiosamente despois o Partido Popular abstívose e esa proposta finalmente non foi aprobada co voto en contra do PSOE, que xa sabíamos que ía a votar en contra. En todo caso é evidente que nos non vamos a aprobar a Moción do Partido Popular tal e como ben, nos temos aquí unha emenda de engadega, que tamen solicita naturalmente que o Goberno Galego, hai unha mesa que se chama “mesa do carbón” que era a que facía o seguimento dos investimentos e das recolocacións de todo o persoal das concas mineiras, esa mesa do carbón esta suspendida sine die polo goberno de Nuñez Feijoo que decidiu que eso non valia para nada, entón efectivamente hai que criticar ó goberno Central pero hai que dar exemplo cunha política clara dirixida non solamente a criticar ó goberno senón fundamentalmente a ter políticas actividades de Emprego nas Comarcas que hai que reindustrializar en concreto estamos falando de As



Pontes e Meirama, hai se proponen polo tanto dous puntos ven diferenciados, un que insta o Goberno Central e outro que insta ó Goberno Galego tamén naturalmente a que deixe de lamentarse e sobre todo a que teñan unha postura coherente nas competencias e na decisión política que tamen debe de tela a respecto deste importante tema, esa é a emenda que nos presentamos á proposta do Partido Popular.

Preguntado polo Sr. Alcalde se o voceiro do P.P. acepta a emenda, por este resposta que sin ningún problema, porque eu xa dixen antes que a Xunta vai a defender con uñas e dentes todo o que sexa sobre este tema, que non vai a ter ningún problema en defendelo incluso xudicialmente, e que xa esta o Director Xeral de Industria en defender esto con uñas e dentes. En relación coa abstención do Partido Popular a nivel nacional, dicir que se tomou a posición da abstención, porque se esta a negociar co goberno un pacto pola enerxía a nivel nacional, e en consecuencia cando se esta a negociar unha cousa, hai que darlle un voto de confianza a quen presenta a iniciativa e negociar, e si se chega a un acordó se chega e se non se chega pois tal, pero esa é a postura que tomou o partido a nivel nacional, e xa ve que nos non temos ningún inconveniente en meter todo o que diga en defensa destas persoas.

O Sr. Alcalde Presidente, manifesta que o decreto do carbón protexe principalmente a cuenca Castellano-Leonesa e en consecuencia e o carbón e as cuencas que se subvencionan, e se o Partido Popular vota en contra do Decreto do Carbón non sei o que lle pasaría en Castilla-La Mancha, en consecuencia sometemos a votación a emenda, o punto núm. 1 da emenda di :

- 1) Instar ao Goberno Galego a que solicite do Goberno do Estado a modificación dos contidos básicos do Decreto do Carbón, aos efectos de adaptalo ao desenvolvemento dunha estratexía enerxética económica e medioambientalmente sostíbel e ás especificacións das distintas comarcas mineiras, tendo en conta a singularidade.**
- 2) Instar ao Goberno Galego a:**
 - a. Continuar coa revisión do cumprimento dos compromisos de contratación de traballadores e traballadoras das compañías auxiliares da minaría de carbón de todas as empresas que obtiveron subvención do Plan Miner vinculada aos distintos compromisos.**
 - b. Nos casos de incumprimentos, promover diante do Ministerio de Industria o correspondente**

Sometida a votación a Emenda é aceptada por unanimidade.



Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, manifestando que hai unha subvención nos urxe e que sería importante incluída neste Pleno, é unha solicitude de subvención ó amparo da Orde de 2 de xuño de 2010 pola que se establecen as Bases para a concesión en réxime de concorrencia competitiva das axudas para o enterramento de infraestruturas eléctricas na Comunidade Autonoma de Galicia cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento rexional, en consecuencia, nos urxe por razón de prazo solicitar o Enterramento de Infraestruturas Electricas en Lubre. Trátase dunha subvención que persigue a concesión dunha subvención de 34.435 Euros, dos 43.044 previstos, trátase lóxicamente de asegurar en consecuencia a solicitude en prazo e trátase de soterrar o retranqueo de liñas de RBT no entorno da Igrexa de Santa Eulalia de Lubre, se trata de acordó coas prescricións de Patrimonio que entorno os 200 metros de elementos de protección de Patrimonio exista o menor impacto visual paisaxístico invasivo posible, e en consecuencia se trata no entrno da igrexa de Lubre enterrar todas as liñas de tendido eléctrico.

Sometida a votación a urxencia o Concello Pleno por unanimidade acorda a súa ratificación e a inclusión na Orde do Día.

Acto seguinte sometese a votación a petición da subvención e o Concello Pleno por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

O Sr. Alcalde manifesta que en consecuencia facemos uso desta orde e efectivamente solicitamos esta subvención lóxicamente para soterrar a liña de RBT no entorno da Igrexa de Santa Eulalía de Lubre.

Acto seguinte o Sr. Alcalde, pregunta se hai algúnha outra moción pola vía de urxencia, toma a palabra o Voceiro do BNG que presenta a seguinte moción:

MOCION DO BNG QUE SE PRESENTA POLA VÍA DE URXENCIA AO PLENO DA CORPORACIÓN SOBRE GARANTÍA DE PARTICIPACIÓN DOS GRUPOS NOS DEBATES PLENARIOS.

Visto o contido do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Ares no tocante á garantía efectiva de participación dos grupos municipais na formulación de rogos, preguntas e mocións; o Grupo Municipal do BNG no concello de Ares propón ao Pleno do concello a adopción do seguinte

ACORDO:

Na Orde do Día das sesión plenarias do Concello de Ares incluíráse todas aquelas mocións que foran presentadas antes da convocatoria do pleno, en tempo e forma, por parte dos grupos municipais.”



Sometida a votación a urxencia da Moción o Concello Pleno por 7 votos a favor (2 BNG, 3 P.P., 1 NAL e 1 do Concelleiro non adscrito Sr. Echevarria Lage) e 5 votos en contra do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, acorda ratifica-la urxencia e a su inclusión na Orde do día.

Acto seguinte abrese un turno de intervencións para fixar as posicións dos grupos.

Toma a palabra o Voceiro de NAL Sr. Luis Cendán Fernández: Tal e como ven a Moción eu estou de acordo en que si se presentan en tempo e forma as Mocións dependendo de quen as presente eu creo que se deberían incluír e estou de acordo polo que vou a votar a favor.

Interven o Voceiro do BNG Sr. Rodríguez Doval: En todo caso dicir que esto intenta solventar un problema que temos na Corporación, porque nos temos unha moción rexistrada desde hai unha semana e non se incluíu na Orde do Día, o que non estamos dispostos é estarnos pelexando por cousas tan sinxelas, a vontade debe de ser, ter unha norma ter un protocolo que as que estén presentadas se incluan e despois cada un que vote o que queira.

Toma a palabra o Voceiro do P.P. Sr. Manuel Cendán: Eu estou de acordo pero esto ben, se reabrimos o debate foi o outro na Xunta de Voceiros que presentou o Bloque unha moción, e que non se meteu por parte da Alcaldía, e hace agora este acordo, que eu quero deixalo claro, o outro día fixo o Sr. Alcalde unhas manifestacións alí, o que facia eu, era que si estaban presentadas en tempo e forma único que o Sr. Secretario ou os técnicos non a meterán, eu as metia todas, a única salvedade que facía, era cando se presentaban por vía de urxencia o que faciamos e votar a urxencia e pasalas á Comisión Informativa correspondente e despois traelas outra vez ó Pleno, creo que esto debe de ser así, o dereito o debate non se lle debe quitar a ninguén, e despois que cada fixe a súa posición.

Interven o SR. Alcalde-Presidente: Eu simplemente reitero que a competencia para fixar a Orde do Día do Pleno é da Alcaldía, que esa competencia se lle atribue a Alcaldía pola Lei de Bases de Réxime Local, en consecuencia de acordo co principio de xerarquia normativa esta claro que a Lei de Bases é superior o Regulamento Organico Municipal, o Regulamento Municipal non pode vulnerar unha lei superior, e o que é indiscutible é que a competencia para fixar a Orde do Día é dos Alcaldes, aquí e nos 8014 Concellos que hai en toda España, e nos 315 Concellos que hai en Galicia, fixa a convocatoria do Pleno e a Orde do Día a Alcaldía, e unha competencia que se lle atribue por Lei, e o regulamento orgánico dun Municipio a respecto dos principios que teñen reserva de Lei pode dicir misa, porque non pode contradecir efectivamente unha norma superior, todos os que foron Alcaldes en Ares disfrutaron da competencia de formar a Orde do Día, todos os que foron Alcaldes en Ares antes que eu, decidiron que asuntos incluían e que asuntos non incluían na Orde do Día e eu efectivamente non vou a renunciar a esa competencia, e vou a seguir facendo o



que fixeron todos os Alcaldes anteriores a mín, a Orde do Día dos Plenos é competencia da Alcaldía, en consecuencia considero que esta moción viola a Lei de Bases de Réximen Local e en consecuencia ningún Alcalde renuncia á composición da Orde do Día, e máis, efectivamente en aquelas situacións onde houbo conflito porque había Alcaldes que nun exercicio Antidemocrático e un abuso de seu dereito se negaban a discutir as Mocións as Mocións de Censura que se lles presetaban, non se modificou a Lei a incluíslas na Orde do Día, non se modificou a Lei que se en determinado prazo non as incluía automaticamente o Secretario convocaba Pleno, e dicir sempre respetando as competencias do Alcalde, e en consecuencia efectivamente vou a seguir defendendoas porque as atribue a Lei, esa é a explicación de voto do Grupo de Goberno polo que efectivamente vamos a votar en contra.

Interven o Sr. Rodríguez Doval: O mellor e que igual non estamos falando do mesmo, non o que lle propoñemos e non facerlle nos a Orde do Día, nos o que lle propoñemos e que se incluan as Mocións de todos os Grupos, que están en tempo e forma, a Orde do Día, a fai vostede, pero hai unha parte que responde á iniciativa que garantiza a Lei, lease vostede o Regulamento, Rogos preguntas e Mocións, eso o garantiza, porque é a forma de garantir a participación dos Grupos Políticos, senon aquí non habería máis que Alcalde, non habería Corporación, entón os grupos políticos teñen un instrumento, e ese é o instrumento que temos non quero abrir aquí o tinglado sobre o que fixeron outros Alcaldes, porque creo que ese non é o debate que temos que facer aquí, en todo caso, si dicir unha cuestión, a mín chamame poderosamente a atención que aquí poidamos falar claramente das corridas de touros, e non poidamos falar dos temas que presenta un grupo político que se presenta a unhas eleccións, e que ten representación na Corporación Municipal, entonces apliquemos un pouco o sentido común, pero por riba do sentido común esta a Lei, e a Lei en todos os sitios as mocións dos grupos políticos que están presentadas en tempo e forma se estaban incluíndo, e máis vostede ata este último Pleno o estaba facendo, vostede agora non ten necesidade, e pode permitirse o luxo de querer calarlle a boca a un grupo político, pero eso é un erro político Alcalde, porque vostede en todo caso vota e fai o que lle pete.

O Sr. Alcalde di que o que non meta na Orde do Día do Pleno, o pode presentar vostede pola Via de Urgencia.

O Sr. Rodríguez Doval di que lle vou a dicir o mesmo que lle dixen o outro día, é un concepto de Democracia que vostede ten, e que eu teño diferente, vostede parte de que esto a Vostede lle quita competencias, e esto simplemente a min me da posibilidades, e eso non lle quita a vostede competencias de ningún tipo, en segundo lugar non se pode ser xuíz e parte, vostede non pode dicir que nun determinado momento por estratexia non lle interesa discutir un tema determinado, ¿Por qué vostede non incluiu a moción na Orde do Día? Pero que a presento eu, cómo non o presenta vostede. Vostede formula os temas



do Orde do Día cos asuntos que ten ahí, con asuntos de trámite e Mocións, esa é a diferenza de Democracia que temos vostede e eu, a de vostede é Marxista pero de Groucho. E a miña é dos outros”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Non te preocupes, a democracia marxista de Groucho é moito máis salvable que a democracia de algún, moi máis. En calquera caso a democracia consiste no seguinte, en que unha lei estatal porque a competencia a ten sobre as bases o Estado aínda que no desenvolvemento posterior a tena comunidade autónoma, e o Alcalde ten competencias para incluír ou non asuntos na orde do día e os que non se inclúen os inclúes ti por vía de urxencia, e eu non teño por qué avalar as túas propostas. E que eu me negué a meter as mocións do BNG ao Pleno non quita que ti as presentes. Non se pode pretender que eu avale as túas mocións.”

Está obrigado. Non Alcalde, creo que vostede e o seu grupo teñen que facer unha reflexión de cómo a estas alturas estamos discutindo isto aquí.

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Mira no Parlamento hai unha mesa e para permitir a fiscalización dos órganos do goberno e da paso a garantir os dereitos de comisión e iniciar os procesos e se vota e as iniciativas do partido socialista que o grupo ou grupos maioritarios non queren incluílas porque se vota, pois non van. E cando o grupo do BNG presenta unha iniciativa e a mesa do Parlamento dí que non vai non vai.”

Intervén o voceiro do BNG: “Eso non é así, os grupos non teñen un cupo. Cómo vai decidir a maioría. o que é increíble é que vostede presida este Pleno, eso é o que é increíble.”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Eu admito que queres ser distinto a todo o mundo. Mira nas comisións do parlamento se debate o que autoriza a mesa. Cando a mesa non autoriza non entran nin preguntas nin interpelacións.”

Intervén o voceiro do B.N.G.: “De onde sae iso.”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Do regulamento”.

Intervén o voceiro do B.N.G.: “Pero de qué cámara. Da de gas. Non fagamos unha vergonza máis grande.”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Tes a cara moi dura.”

Intervén o voceiro do B.N.G.: “Vostede nunca lle tivo que pedir a ningún Alcalde que meterá mocións. Este é un síntoma malo da democracia.”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “O dí ti.”



Intervén o voceiro do B.N.G.: “Xa está presentado. Qué diferenza hai entre a miña Moción e de Galicia sen touradas.”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Me pediste autorización a min para meter esta moción.”

Intervén o voceiro do B.N.G.: “Eu non lle teño que pedir nada.”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Pois se fai así con todas. Isto é increíble. Debatimos unha moción que non incluín.”

Intervén o voceiro do B.N.G.: “Vamos a ver Alcalde, hai unha Moción sobre Galicia sen touradas na orde do día do Pleno, quero que se inclúan todas sen contar coa opinión do Alcalde.”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Moi ben pero a como a Lei de Bases non dí eso, pois lle da a competencia ao Alcalde.”

Intervén o voceiro do B.N.G.: “¿E o regulamento?”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Votamos, a proba evidente de que se pode debatir o que se queira é que sen incluír na orde do día esta Moción se está debatindo. E as presenta él. Eu non teño por qué avalar o que non comparto.”

Intervén o voceiro do Partido Popular: “A ver si somos máis efectivos e chegamos a un acordo. Mira Julio cho digo eu, se non se metían era porque non as metía o secretario por traspapelarse ou así. Estamos perdendo o tempo e isto vai pasar máis veces. Estamos discutindo isto aquí e da igual, si se meten por vía de urxencia e se van aprobar e vamos estar aquí media hora co tema perdendo o tempo. Discutimos isto de si se meten ou non as que se presentan en tempo e forma e si estamos de acordó ou non é o debate, non si o parlamento ou concello.”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente : “O tema é sinxelo. En política se negocia e se acadan acordos e as veces se fan concesións recíprocas e me votou o ano pasado os orzamentos e eu me comprometín a meterlle as Mocións e este ano non me votou os orzamentos e non teño por qué metelas.”

Intervén o voceiro do B.N.G.: “Lle pedín que cumprirá a Lei, está por escrito.”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “O ano pasado me negocia e este ano tiña a obriga. Non entendo o pasado ano por qué negociache.”



Sometida a votación a Moción o Pleno do Concello por 7 votos a favor (2 BNG, 3 PP, 1NAL E 1 do Concelleiro non Adscrito Sr. Echevarría Lage) e 5 votos en contra (5 PSdG-PSOE), acorda prestarlle a súa aprobación á moción antes transcrita.

Como vedes sin que o Alcalde meta a Moción, ésta ven a Pleno, se debate e o Alcalde a perde. Isto é democracia e a lei así o permite. Precisamente a garantía é a Moción por vía de urxencia. E eu non teño por qué avalar as súas Mocións.

Interven o Voceiro do BNG, Sr. Rodríguez Doval: Me queda outra Moción que non se mete una orde do día. Vostede é incorrexible e sigue dándolle. É incapaz de non entender as cousas. Eu fago o que teño que facer. Non o que vostede me diga. Estamos falando de cousas diferentes. Esta xa a ten vostede porque a metín por rexistro e lla vou dar agora.

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: "Exactamente."

Intervén o voceiro do B.N.G.: "Lla vou dar agora pero vostede xa a ten.

MOCION DO BNG AO PLENO DO CONCELLO SOBRE A POLÍTICA INFORMATIVO MUNICIPAL.

En numerosas ocasións, desde o BNG temos chamado a atención sobre a necesidade de xestionar a política informativa do concello con criterios de transparencia, pluralidade e democracia; atendendo especialmente á conformación da nosa corporación. Nese caso concreto, ao grupo de goberno –que non dispón, hai que lembralo, de maioría absoluta– cumprelle unha actitude exemplificadora á hora de xestionar e administrar todo o que se refire á información do funcionamento e das decisión que adoptan os diferentes órganos da corporación: comisión informativas, xunta de goberno, pleno e Alcaldía.

Pola contra, a utilización claramente partidista e mesmo de promoción persoal que se está a facer tanto da web municipal como do propio gabinete de prensa; teñen chegado nos últimos tempos a situacións que resultan claramente impresentábeis. Así, a práctica desaparición da web municipal da referencia a debates plenarios e mesmo mocións aprobadas por unanimidade sobre iniciativas presentadas polo BNG, ou mesmo a censura no apartado "Na prensa" de noticias recollidas nos medios de comunicación a respecto de iniciativas municipais feitas pola nosa organización, marcan a tónica do funcionamento dunha páxina que ten no seu encabezamento o lema de "**Web oficial do concello de Ares**" pero que en realidade o é só do grupo de goberno e, especificamente, da Alcaldía.

Por non falarmos da recenté edición da publicación "Alfoli", presentada no seu editorial como "... unha ferramenta de utilidade para os veciños e veciñas de Ares que, grazas aos contidos da revista, poderán acceder á información máis importante serada polo concello..." pero que, en realidade, lonxe dun formato informativo institucional, representa un produto partidista e personalista, eso sí, baixo o paraguas –tamén



económico- da institución municipal. Todo iso, naturalmente, sen esquecer o feito de destinar –en plena situación de crise –importantes recursos económicos dos orzamentos municipais nunha obscena operación de propaganda que, polo visto, semella dar o pistoletazo de saída para as eleccións municipais que se van celebrar dentro dun ano.

Mais o feito que realmente sobardou os límites do asumibel, foi a utilización descaradamente partidista levada a cabo con motivo da visita feita pola Conselleira do Mar o pasado 16 de Xuño, na que se fai pública unha nota de prensa oficial do concello na que non só se manipula o acontecido na reunión (por exemplo, ocultando deliberadamente a presenza dos grupos políticos na mesma, agás o do goberno) senón que e traspasa unha perigosa liña, ao converter a web municipal nun altofalante da actividade parlametar do partido que detenta o goberno municipal. Cuestión que, por certo, voltase a repetir días despois con motivo da visita oficial do responsábel de Portos ao noso Concello.

Ao fio desta situación, e co obxecto de establecer un protocolo que garanta os mínimos de obxectividade e pluralidade na política informativa, tanto da web municipal como das comunicacións oficiais do concello, desde o Grupo Municipal do BNG propomos ao pleno do Concello a adopción dos seguintes acordos:

1.- Existir do grupo de goberno a aplicación dos criterios de obxectividade e pluralidade no tratamento da información institucional do ámbito municipal.

2.- Estabelecer dentro da web municipal un apartado para as iniciativas dos diversos grupos municipais con relación a temas do ámbito da corporación.

3.- Demandar que os comunicados de prensa emitidos desde o concello – nomeadamente, nos que se dá conta dos debates e acordos plenarios –recollan o conxunto de acordos (mocións, proxectos, etc....) abordados nos debates, así como a posición de cada ún dos grupos ao respecto.

4.- Concretar, no seo da Xunta de Voceiros, uns criterios básicos co obxecto de racionalizar a edición de publicacións municipais, tanto do punto de vista dos custes económicos das mesmas, como do seu contido.”

O Sr. Rodríguez Doval: Trátase de resolver situación que se teñen creado coa política informativa neste Concello e co funcionamento da páxina web e a presenza dos grupos nas actividades. Nesa liña de buscar propostas que nos sirvan para hoxe, mañá e pasado sería:

1. Existir do grupo de goberno a aplicación dos criterios de obxectividade pluralidade no tratamento de información institucional no eido municipal
2. Estabelecer dentro da web municipal un apartado para as iniciativas dos grupos municipais con relación aos temas do eido da corporación.



3. Demandar que os comunicados de prensa emitidos dende o concello nomeadamente nos que se da de conta dos acordos plenarios recollan o conxunto dos acordos, mocións, proxectos abordados nos debates así como posición dos grupos ao respecto

4. Concretar nos seo da xunta de voceiros uns criterios básicos para racionalizar as publicacións municipais dende o punto de vista dos costes económicos como do seu contido.

Toma a palabra o voceiro do NAL: “Eu simplemente decir que esto había que madúralo, lévalo a Comisión e tratar o tema e debatilo e esto votalo agora nun pleno extraordinario non é a mellor forma aínda que no fondo pode estar de acordo co que aquí se trae.”

Intervén o Alcalde-Presidente: A efectos da urxencia, perdoade pero non votamos a urxencia. Votos a favor da urxencia: 7 votos a favor Votos (2 BNG, 3 PP, 1 NAL e 1 do concelleiro non adscrito Sr. Echevarría Lage) e 5 votos en contra do PsdeG-PSOE

Continuamos, unha vez votada a urxencia.

Toma a palabra o voceiro de NAL:” Esto ten trasfondo político, e tería que haber máis debate e vou votar que sí, pero prefería que fora a comisión.”

Intervén o Voceiro do PP: “Eu vou coincidir, a miña idea é sempre que se pre4sentan por vía de urxencia, e tempo para miralo ben, e acepto estes catro puntos e coincido, xa o temos falado.”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Bueno, pois como cando Manuel gobernaba nos fixo un espazo na web e no Alfolí nos deu espazo, e como era así, vexo de acordó que votedes así. A política de comunicación do goberno municipal é como a de baches, farolas e infraestruturas. Non tedes por qué compartir a política ue se fai pero isto é competencia da Alcaldía e a organización da comunicación non é competencia dos grupos. E cando entro na web da xunta non vexo o apartado do BNG. E como hai uha lei que atribúe esa competencia ao Alcalde, non solo non vamos a votar en contra senon que eu non vou renunciar á miña competencia, a lei me ampara e como tal, igual que fago a política de baches, de infraestruturas, pois fago esta de comunicación. Non gustan as bandas rugosas, pois se poñen. E se fai unha política de comunicación e é unha política do goberno e non a vai mediatizar a oposición , porque efectivamente o que se ve no resto dos gobernos onde goberna a política de comunicación a fai o goberno, eu entendo que a política de transparencia e comunicación que fai o goberno xera inquedaanza porque a nosa preocupación é explicar todo e que estas Mocións que veñen a tergiversar as competencias do Alcalde, que o Alcalde



considera irrenunciabile, e considero que esta moción é ilegal porque intenta disminuir unha competencia que a lexislación Vicente Lle atribúe ao Alcalde.

Fixamos as posición e en consecuencia, votamos porque efectivamente a vía de urxencia permite que se discuta no pleno incluso o que O Alcalde non quere esa é a democracia.

Intervén o voceiro do Partido Popular: “Ti fixeche unas manifestacións ahí”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Concretar na Xunta de voceiros uns criterios básicos cándo o fixeche ti.”

Intervén o voceiro do Partido Popular: “Déixame contestar a min. Eu fixen a revista Alfolí, pero non ves unha foto miña, ti tes 26.”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Ti na miña tes catro e eu na túa non tiña ningunha. Inaugurando o barquito con Bonome, no Mercado, no campo de fútbol de Numancia...”

Intervén o voceiro do Partido Popular.: “Unha cousa é que fagas uso porque eres o Alcalde, porque ninguén cho quita e outra é que utilices eso ao tema persoal e partidista. Xa pasou coa periodista xa o denuniei. Cando foi a consellería do mar e se están usando os servizos públicos a beneficio dunha persoa e partido político. Non se pode facer. Eso hai que erradicalo e buscar outras formas de facer as cousas. A última foi o da inauguración da obra de Redes, non nos invitaches.”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “A min Costas me convocou para recepcionalas e eu as recepcionei.”

Intervén o voceiro do Partido Popular: “A min me gustaría ir porque eu tiven que poner as liñas cos de Costas”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “O dixeron alí.”

Intervén o voceiro do Partido Popular: “Ti pregunta quen negociou eso.”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “Tes que ver a data de compraventa do aparcamento. O xestionou Vila no 2008. Está na escritura.”

Intervén o voceiro do Partido Popular: “Pero por favor, si fumos nós á notaría de pontedeume, de pontedeume e a compramos a tía política de Melchor, pero por favor, e á irmá de Cotos, do panadeiro lle compramos a casa en 20 millóns, ese proxecto é meu e eu quería ir alí, porque fun o pai da criatura e quen me axudou foi o Presidente do Club de Remos e o teño que decir aquí, que fixo un escrito e eu outro e non sei nada , é un rapaz rubio de Redes que non coñecía e presuionamos para tirar o club de remo e facer outro alí arriba. A



miña política de comunicación non a había porque non a tiña, entendes. Ese era un gasto. Mira o gasto do meu Alfolí e cánto costou, cando había diñeiro, con fotos en branco e negro, pero no tema de medios informativos... me chamaban e contestaba eu e as notas de prensa as facía eu. Non tiña a ninguén. Falaba por teléfono e as facía eu. Non tiña unha persoa para eso. A páxina web, e xa remato, a diferenza que a que tiñamos nosotros viñan todos os concelleiros fotografiados co e mail, de cada un todos. Nesta apareces ti so. A oposición nin existe. Na anterior, viñan os once concelleiros cun correo electrónico ao lado, que ten protestado o BNG por si se entraba ao mesmo. E viñan as dirección para dirixirse a calquera concelleiro.”

Toma a palabra o Secretario: “Eu quería dicir dous cousas, o Sr Doval ten razón no que atinxe ao Regulamento Orgánico, sen embargo, neste tema concreto, non se pode usurpar unha competencia ao Alcalde, a lexislación estatal a este respecto non dí nada, pero a autonómica sí, concretamente o Decreto Lexislativo 2/2003 de 28 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei municipal da rexión de Cataluña que dí o Pleno do Concello ten que garantir... Non o Pleno do Concello ten que garantir á participación dos concelleiros dos grupos nos órganos de información e difusión municipais e locais, as emisoras de radio, publicacións e boletíns editados polo Concello. Nese sentido o Pleno ten que aprobar un regulamento que regule as condicións de acceso e usos dos concelleiros. É dicir en Cataluña hai un mandato expreso de regulación por regulamento, en Galicia non o hai, e é unha competencia do Alcalde”

Intervén o voceiro do BNG: “A ver, non se entenden as cousas, é unha competencia do Alcalde, nos tres puntos primeiros desta Moción non se lle quita ningunha competencia ao Alcalde e no derradeiro se pide chegar na Xunta de Voceiros a un debate para acadar un protocolo ou regulamento. É o que decimos. O resto é un debate político. Ten que haber transparencia, sí. Se instrumenta a través do último acordó no punto 4, para que algo nos sirva a maiores de que cada ano muda a corporación. Non sei si o podemos facer, creo que é necesario. Punto.”

Intervén o Alcalde-Presidente: “No debate político todo é lícito, pero tamén se pode pensar distinto. Eu non o puiden impedir. Non o meto e ves en vía de urxencia e se debate igual. Eu non avalo cousas nas que non creo. E ti metes por vía de urxencia o que queiras, e a lei garante ese dereito. Ese é o instrumento, nos guste ou non, agora non pasa nada, é lícito pensar distinto e facer distintas valoracións. Non se pode dicir AAA e agora na oposición dicir B.

Sometida a votación a Moción do BNG, o Pleno do Concello por 7 votos a favor (2 BNG, 3 PP, 1 NAL e 1 do concelleiro non adscrito Sr. Echevarría Lage) e 5 votos en contra do PSdeG-PSOE, acorda prestarlle a súa aprobación a Moción do BNG anteriormente transcrita.

PUNTO NÚM. 15 ROGOS E PREGUNTAS.-



Intervén o voceiro do NAL: “Primeiro, non sei se chegou algunha noticia sobre, qué establecementos de hostelería que están dando bebidas alcohólicas a menores de 14 anos, me chegou esa queixa.”

Intervén o Alcalde_Presidente: “Non chegou como denuncia”

Intervén o voceiro do NAL: “A Outra pregunta é sobre o proxecto do Saneamento de Chanteiro, a ver si mudou”

Intervén o Alcalde_Presidente: “É un proxecto refundido en dous e se está executando sin modificacións aínda que hai pequenas variacións, polas queixas dos vecinos, de non tirar muros e cousas así.”

Intervén o voceiro do NAL: “A eso me refiro, porque ese tema o levei eu e a min me custou moitas ameazas e o vamos levar o tema como unha denuncia, e me refiro ao tema de Manuel Cartelle, porque ahí houbo un proxecto, unha expropiación e a min me dixeron que os tubos ían por fora do muro, e este seños ameazou funcionarios e políticos e PSOE, PP, Independentes por Ferrol, etc, ameazou e veu con proclamas trouxo abogados e en consecuencia por este Sr e outro tipo de seños o saneamento de Chanteiro non está executado.”

Intervén o Alcalde_presidente: “O Proxecto metía os tubos por dentro da súa propiedade, tirándolle o muro. Á hora de executar a obra, a empresa adxudataria CRC, pois non se trata de abaratar costes, pero a empresa dí que vai máis fácil por aquí que por alá, e por fora non lle tiras o muro, non o hai que reponer, a cota vai máis alta e non tes que reponer o muro e CRC decía que ía mello. Ti non podes facer un modificado que a empresa non quere.”

Intervén o voceiro do NAL: “Non é modificado, ese é o proxecto tal cual”

Intervén o Alcalde_Presidente: “A empresa acepta o que lle costa menos e o que costa máis non.”

Intervén o voceiro do NAL: “Ese é un motivo polo que o Saneamento de Chanteiro non esté executado. Este señor viña chulear aquí a todo o mundo. Eso o fun expropiar eu, está depositado, é municipal e non se lle pode aguantar. Incumple a Lei de protección da Costa.”

o Alcalde-Presidente: “Non, se chamou ao vixiante de Costas”

Intervén o voceiro do NAL: “A última negociación que houbo aquí, foi coa túa compañeira Beatriz Sestayo diante do Secretario, e cando lle expliquei o tema xa non quixo ver o expediente”

Intervén o Alcalde-Presidente: “Pero a min me sorprende, eu teño unha oferta de compra”



Intervén o voceiro do NAL: “Eso o sabe o secretario, fomos tomar posesión desas terras.”

Sendo as 14,54 horas ausentase do Salón de Sesiós o Sr. Echevarría Lage.

Intervén o voceiro do PP: “Por tres tíos tivemos esa obra parada, e a nós víñanos mellor pasalos fora os tubos, e ahí estivo o enconamento. Ese problema para nós era mellor, evitar pagar a expropiación e facer o muro.”

Intervén o Alcalde-Presidente: “hai un proxecto de Costas de paseo marítimo de recuperar a fachada litoral e se comunica marxe esquerdo segaño co dereito, porque sabedes que á dereita da escaleira hai un terreos e non se pasa. E eso é paseo marítimo e un dos usos autorizable en rústico cabdo é paseo é a colocación de colectores e aínda así temos a liña de 20 metros. Entón CRC, eu no negó que ese sr nos pida que vaia por fora do muro, pero CRC nos dí que lle sae máis barato”.

Intervén o voceiro do PP: “Perdimos el POL de Chanteiro por culpa deste tío. Tamén nos salía máis barato a nós”.

Intervén o Alcalde-Presidente: “Como se están a falar cousas que descoñezo e é un tema de profundidade, por qué non o pasamos á Comisión.”

Intervén o voceiro do NAL: “E que eu o pasei moi mal, nos insultou, e o pasei fatal e o secretario tamén. E coidado con esas titularidades que ese tío se chama a tódalas terras de ahí e eu a ese individuo sufrín bastante. Eso é municipal.”

Intervén o voceiro do PP: “Unha cousa urxente, estades facendo a obra da Fonte de Papellas e eu non sei si hai proxecto e eu pregunto aquí si hai un proxecto arqueolóxico, porque estamos falando dunha fonte románica e non sei si hai autorización de patrimonio e si un arqueólogo leve o seguimento deso. A min me chegaron denuncias, eu non vou alarmar a ninguén pero quero que as cousas se fagan ben e se respete. Meteron unha pala e destrozaron todo. E é unha pena que unha fonte románica que non se estropee.”

Intervén o Alcalde-Presidente: “Hai unha actuación de rehabilitación porque estaba que daba asco e se vai rehabilitar e o único que se fixo foi meter a pala para chegar ao manantial, porque fai anos se abriu e sabíamos que había unha tapa, a pala abriu se levantou se entrou no manantial que ten unha capacidade de caudal impresionante e por culpa de malas prácticas as vetas de auga atoparon saídas naturais, porque se lle puxo un grifo e a auga se perde por unha veta e o nivel baixou aos 60 cm, que son máis baixos que o pitorro da fonte, entón a hí hai auga para dar e tomar pero o nivel non se recupera para chegar ao pitorro, porque se vai polas vetas. Estamos traballando nos depósitos e impermeabilizándoos, e meter unha bomba e co pitorro poñemos un pulsador, ti lle das ao pulsador, funciona a bombas e te sae auga da fonte de papellas. Ao lado vamos poner un pitorro coa auga da traída, porque esa



auga, vete a saber, hoxe a análise da ben pero aos trinta días, vai saber. A auga de Papellas, pois mañá protección Civil ten que encher un tanque pois a pode coller aquí. Non se actúa sobre a pedra, só no manantial, e sobre as escaleiras de ao lado, non nas orixinais, e no talud das dous estradas, que había que desbrózalalo e axardinalo. Esa é a única actuación sen tocarle á fonte. A pala o único que fixo foi atopar a tapa.”

Intervén o voceiro do PP: “A Outra pregunta é sobre o proxecto do Saneamento de Chanteiro Pero si romperon todo, as escaleiras e todo. Eu o que quero é un profesional que avale esas obras.”

Intervén o Alcalde-Presidente: “O hai, porque o proxecto o redactou unha enxeñería, hai un director de obra.”

Intervén o voceiro do PP: “Bueno, teño máis preguntas, pero bueno, quero facer fincapé noutras preguntas de urxencia, porque me chegaron denuncias, de que hai varias persoas coa saúde fastidiada, unha rompeu unha muñeca e outra un brazo. A madeira que hai detrás da caseta da Praia no Parque Rosalía, pois como non lle da o sol, e cría grasilla e resbala e hai que limpalo cunha máquina de baldeo. Non sei si presentaron denuncias aquí, pero foi así, eso de cando en vez hai que baldéalo e pasarle”.

Intervén o Alcalde-Presidente: “Esa zona tiña madeiras rotas. Igual que o paseo das pedras que estaba roto e arranxamos o paseo e as tablas. É certo que no inverno coa choiva é unha zoa resbaladiza e a xente patina e lóxicamente cae, agora esa madeira está totalmente reparada e o ano pasado a limpamos con dous produtos, e cando chega decembro a zoa máis fría, ahí, a verdade e que hai moito perigo de resbalar e xa non sabemos qué máis facer e lle dimos dous tratamentos químicos e arranxamos.”

Intervén o voceiro do PP: Si o que hai que facer é lavar coa máquina de chorreo e xa está, e quedará ben, non se pode deixar seis meses ou un ano e xa está, auga, se rompe unha tabla é unha cousa pero resbalar... en Pontedeume pasa o mesmo, non da o sol, se crea unha grasilla e no inverno a xente pode resbalar, eso se corrixe pasando a máquina de baldeo, agora no verán non, pola area e o sol, pero cando veñan as choivas é un problema.”

Intervén o Alcalde-Presidente: “En inverno sempre está húmido e xa facemos o que se pode, se trata a madeira, se repara e non hai roturas e aínda así, pois pasa esto”.

Intervén o voceiro do BNG: “Non é para contestar agora pero creo que se pode trasladar á comisión de obras e servizos un debate sobre o tema dos cortes de luz, onde se está cortando a forma en que hai que facer eso, está habendo protestas e hai que informar ben e facelo ben”.

Intervén o Alcalde-Presidente: “Cos cortes de luz aínda non hai ningunha decisión ao respecto porque hai zonas monofásicas e trifásicas. nas monofásicas é fácil baixas ese e xa está



e nas trifásicas, baixas un e non sabemos a onde vai cada fase e non vai de xeito ordeado; a unha fase van cincuenta conectados en liña ou non, a outras fases van calles que non teñen que ver unas con outras sen rde e tampouco significa que esté mal, entón, estamos facendo probas e estamos nun contexto de cómo hai unha recomendación de aforro enerxético na mancomunidade e en tódolos concellos se están facendo probas, e se fai en verán e non en inverno que non hai luz. Estamos facendo probas nunca antes das 12 da noite, e apagar en inverno antes das doce é menos grave que apagar en verán, e podemos facer algunha imprudenza porque non sabemos o que desconectamos e estamos facendo probas, e estivemos onte mesmo anotando farolas e mirando a onde vai cada fase e a partir do inverno pois xa iremos levando a comisión os cortes que vaiamos ir facendo onde menos perxudique e apagamos unha fase porque sabemos o que queda e o que non, agora estamos con probas e veñen vecinos e din e que na miña casa non hai luz, pois esamos probando. Hai 90 cuadros, 60 son trifásicos e non sabemos o que apagamos, e logo andar mirando o que se apaga e probando. Nos cadros monofásicos non podemos facer nada porque unha baixada é deixar todo sen luz e só podemos facer nos trifásicos e como hai máis de 60 pois estamos probando, e claro unas probas baixando un pouco pois nos vai moi ben por exemplo, na avda da Paz, que apaga unha de cada dous, e como está conectado o entorno da igrexa pois queda todo apagado, e non se pode. E non anunciamos nada porque non sabemos o que vamos facer, e como sabemos o que vamos facer, pois probando. Estamos facendo probas e me suena que nalgunha comisión se comentou que eatábamos facendo probas.”

Intervén o voceiro do BNG “Pois podería quitarse na web que se están facendo probas para que a xente saiba que se están facendo esas probas”

Intervén o Alcalde-Presidente: “Pois por eso nos chega xente decindo, apagaron na miña casa, e cantas luces ten, dous, pois claro as calles de Ares teñen moitas luces e si baixas un pitorro e apagas toda unha calle, pois apagas todo e non é o normal as calles de Ares teñen moitas luces, o normal é que suceda na calle María, unha encendida dous apagadas pero nas rúas onde hai dous pois quedaría todo a oscuras.

Ahí pois evidentemente pois iremos correxindo, e xa digo que estamos probando e non inverno pois xa veremos, estamos facendo probas. Cal é a finalidade? Pois baixar a factura da luz pública, se apagamos bombillas pois pagaremos un tercio menos ao mes e si a factura son 12000 € ao mes con esta medida podemos aforrar 4000 € ao mes, que son 48000 € ao ano, pero tampouco sabemos se o vamos conseguir porque si hai moitas protestas pois subimos todo e listo.”

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo quince horas e dezaseis minutos do día o comenzo sinalado, polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,



CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)

Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E